



Desescalada. A modiño!

A comarca aposta por unha recuperación ao xeito, sen présa e con sentido común


►► Parece un lema dos que desde hai mais dun ano se nos convida a que actuemos con cordura, pero que cada vez ten máis sentido a chamada. Estamos, non na recta final, pero si nos albores de chegar a ela. Algúns, sen embargo, empérranse en tirar pola borda o labor e o sacrificio dunha inmensa maioría que levamos máis dun ano en manter as normas, e grazas a iso logramos empezar a dobrar o bicho que nos ten amordazados e nos ten limitada a existencia. Pero é necesario.

Escribo estas liñas desde unha habitación do CHUS, aquí a familia está a coidar desde hai xa dous meses a un dos nosos que na obriga da súa profesión, enfermeira, contaxiouse coa COVID no Centro de Saúde de

Ribeira. Dous meses nos que pasamos da desesperanza ao optimismo e agora a ledicia, xa que en poucas horas iniciará unha longa rehabilitación.

Menos sorte tiveron os que quedaron no camiño e as súas familias, que en España rondan os case cen mil e en Galicia a día de hoxe 2.332. Pero para algúns parece que a cousa non vai con eles e que isto da pandemia non é realidade, tal vez, como recolleemos nun artigo sobre a gripe española de 1918 deberían morrer nun mes 250 veciños so en Ribeira para que tomasen conciencia da situación. Menos mal que son os menos.

Ánimo, coidado e a luz o final do túnel empeza xa a albiscarse pero non baixemos a garda.



A luz ao final do túnel

Os Concellos fortalecen con medidas progresivas o rexurdir da economía e o turismo

3-8



Un compromiso que non cesa

As nosas asociacións de empresarios activan novas medidas para a recuperación

10



Libros anti-COVID

A literatura da nosa comarca, o complemento ideal das vacinas anti-coronavirus

15

Galicia é mar Galicia é calidade

Elixe e goza da excelencia dos nosos produtos.
Directamente do mar á túa mesa.

galicia
calidade 

 Xacobeo 2021

 XUNTA
DE GALICIA

xunta.gal



CABO DE PEÑAS

www.galiciacalidade.gal

Ribeira prepárase para ser un centro cultural de primeira liña

O proxecto do Auditorio Municipal e a súa contorna tería un prazo de execución de 15 meses

O proxecto do novo Auditorio Municipal de Ribeira e o seu entorno chegou ao pleno da Corporación do 29 marzo coa oferta efectuada pola UTE formada por Xestión Ambiental de Contratas, S.L., e Prace Servicios y Obras, S.A clasificada en primeiro lugar, de entre as seis finalmente presentadas e en base ao determinado na mesa de contratación. De acordo coa proposta devandita, o prezo total do contrato ascende a 3.977.964,69 euros, IVE incluído, nun prazo de execución de quince meses.

A intervención enmárcase na EDUSI Máis Ribeira Atlántica, co-financiada polo fondo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) dentro do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020. Adscríbese ao obxectivo temático 9 do POCS 2014-2020 *Promover a igualdade, a saúde e a inclusión social* e execútase na liña de actuación 16 da EDUSI.

O Goberno local recorda que baixo o título *Choiva, pedra e cristal*, o proxecto que se vai executar, foi redactado polos arquitectos Antonio Pons Cañellas, Anna Gorrochategui Matas e Bernat Pons Vidal, gañadores co concurso de ideas lanzado ao efecto. “O novo Auditorio deseñouse co fin de ser un centro xerador de actividade propia de Ribeira, e cunhas dimensións que o sitúan dentro dos Auditorios de gran formato de Galicia”, engade o Concello.

Respecto das características principais, o Executivo ribeirense fai saber



que o proxecto de Auditorio ofrece 4 ámbitos de actuación escénica: a Sala Principal, a Sala Polivalente, a Aula de Ensaio e o Vestíbulo. Está composto de dous andares sobre rasante, un andar semisoto e un soto. A composición en planta nace da condición de edificio público, xerando espazos de relación xenerosos e á vez polivalentes. O edificio preséntase como dous grandes volumes que se relacionan a través dun gran baleiro, o vestíbulo. O proxecto optimizou ao máximo a distribución para reducir no posíbel os espazos residuais. Os elementos de comunicación vertical sitúanse estratexicamente de mane-

“O novo Auditorio deseñouse co fin de ser un centro xerador de actividade propia de Ribeira, e cunhas dimensións que o sitúan dentro dos Auditorios de gran formato de Galicia”

ira que o vestíbulo principal serve de distribuidor para os tres volumes: Sala Principal, Sala Polivalente e Sala de

ensaio. O soportal da entrada dimensionouse de maneira que sirva como prolongación do edificio ao espazo exterior:

a. Vestíbulo: O vestíbulo concíbese como un espazo bifuncional; de transición e de repouso. A súa organización interna sinxela facilita a comprensión dos accesos á Sala Principal do Auditorio, a Sala Polivalente e a Aula de Ensaio, permitindo unha circulación sinxela e accesíbel. Ofrece a posibilidade de organizar eventos de espectáculos non convencionais.

b. Sala Principal do Auditorio: O deseño desta Sala Principal conta con accesos a dous niveis distintos, en total ten 4 portas; dous a nivel de planta semisoto e dúas en planta baixa, a pé de rúa. Todos os accesos están dotados de dobre porta para garantir a correcta insonorización da sala e son accesíbeis a todos os públicos. A súa configuración garante a máxima visibilidade de todos os espectadores desde todos os puntos do anfiteatro. Aforo: 464 persoas.

c. Sala Polivalente: A Sala Polivalente está situada no andar primeiro. É o corpo elevado por piares que xera o espazo de soportal de entrada. O acceso realizarase desde o vestíbulo principal do edificio a través de dous núcleos de escaleiras abertas sobre as bancadas. A sala ten dobre acceso lateral que responde a unha clara xerarquía, unha entrada principal e unha secundaria. Aforo: 120 butacas.

d. Aula de Ensaio: A aula de ensaios ou usos múltiples atópase en planta semisoto e o seu acceso prodúcese desde o vestíbulo principal. A súa distribución e o feito de ter dous accesos permite o seu subdivisión en dúas salas de ensaio de menor cabida. As súas dimensións e proporcións espaciais permiten o ensaio de espectáculos de danza, música ou teatro.

Licitada a instalación de doce puntos Wi-Fi de balde

O Concello de Ribeira licitou o proxecto europeo WiFi4EU, unha iniciativa dirixida a implantar unha ducia de puntos Wi-Fi de balde noutras tantas localizacións da cidade. Esta iniciativa está subvencionada pola Unión Europea e comporta un investimento de 29.999,99 euros, IVE incluído. As localizacións son os



seguintes: Praza do Concello, Área da Oficina de Atención Cidadá (Casa do Concello), Interior do Mercado Municipal, Centro Cultural Lustres Rivas, Biblioteca Municipal, Exterior da Oficina de Turismo do porto, Parque merendeiro situado xunto á UAD, Praia de Coroso (entorno da UAD), Complexo Polideportivo da Fieiteira, Conservatorio Enrique Paisal, Praza do Centenario e

Entorno da nova estación de autobuses.

As empresas interesadas dispoñen até o 7 de abril á medianoite para formular as súas ofertas.

Tal e como recordou a concelleira de Innovación Tecnolóxica, Ana Barreiro, a intención do Executivo é estender a habilitación de puntos Wi-Fi gratuítos ás parroquias do municipio.

O Lagar será un referente sociocultural na comarca

O Concello da Pobra adquiriu as instalacións do histórico restaurante

O Concello da Pobra do Caramiñal formalizou neste mes de marzo a compra do local do antigo restaurante O Lagar. Tal e como manifestou o alcalde, Xosé Lois Piñeiro (Nós Pobra), o edificio presenta unhas características "singulares e idóneas" para unha finalidade sociocultural, ademais de afirmar que no termo municipal "non existían outras dependencias que reunisen tódalas calidades para tal pretensión". Destacou tamén a súa situación ao se atopar "no centro urbano, nunha das zonas máis densamente poboadas".

A edificación consta de semisoto, baixo e primeiro andar. Na actualidade dispón de tres accesos dende o exterior. Unha destas entradas é a do coworking, o cal leva en funcionamento dende abril de 2017. Conta con capacidade para dez emprendedoras e emprendedores e divídese en estancia para reunións, sala de audiovisuais, cociña con área de descanso e aseo. O segundo dos accesos comunica este espazo de traballo colaborativo coas escaleiras que conducen ao primeiro andar, así como cun despacho que se comunica coa cociña, onde se atopa o terceiro dos accesos. Nas inmediacións deste atópanse outras escaleiras, as cales baixan ata o soto.

Na cociña tamén está presente un ascensor que comunica co soto e co primeiro nivel. Neste último é onde está habilitada a Casa da Mocidade que se estrutura nunha ampla área multiusos e nunha sala de traballo dotada de mesas, ordenadores portátiles e unha pantalla táctil. Neste piso tamén están dous talleres que forman parte do FabLab.

A concelleira da Facenda e da Promoción Económica, Charo Varela (Nós Pobra) detallou o procedemento, así como o prezo final de compra que se situou nos 445.000 euros.

Pola súa parte, o concelleiro da Mocidade, José Andrés Lojo (Nós Pobra), declarou que esta adquisición permite habilitar unha recepción no espazo que se atopa a carón da entrada principal. A intención do executivo é que un traballador ou traballadora municipal estea atendendo presencialmente un horario fixo á semana, ademais de contribuír a dinamizalo local, se ben o obxectivo é que algún día se poida autoxestionar por parte da xente nova.

Finalmente, o edil da Mobilidade, Xabier Santos (BNG), sinalou que a compra permite acceder a unha área necesaria para executar obras que melloren a accesibilidade. En primeiro lugar será precisa a construción dunha rampla. Logo estudarase como dispor do ascensor da maneira máis axeitada, tendo en conta que na actualidade se abre en dúas zonas que terán uso por si mesmas: a cociña e un dos talleres do FabLab.



Agora é o momento!

VOLUNTARIADO

social · medioambiental
cultural · benestar animal



CONCELLO DA
POBRA DO CARAMIÑAL
CONCELLARÍA DE VOLUNTARIADO

Para anotarse,
Telf.: 981832764 Ext 2204 2200
e no mail: voluntariadopobradocaraminal@gmail.com

Boiro ao descuberto

Turismo local estrea presenza nas redes sociais e reivindica os atractivos dos seus percorridos a pé



Na mañá do pasado 18 de marzo o alcalde de Boiro, José Ramón Romero, e o concelleiro de Turismo, Raúl Treus, presentaron os proxectos nos que está mergullado o Concello neste intre de cara á promoción turística do munic-

pio. Tamén avanzaron detalles sobre a presenza de Boiro nas redes sociais, que se incrementan grazas á estrea nelas da área de Turismo.

Segundo fixeron saber, o departamento que dirixe Raúl Treus ten entre mans diversas ideas para amosar e difundir “un turismo que quere descu-

brir eses lugares do municipio menos coñecidos”. Para iso, o Concello vén de crear os perfís sociais en Facebook e Instagram do devandito departamento e facer a difusión respectiva, non só a visitantes senón tamén aos veciños e veciñas. “O obxectivo destes perfís nas redes sociais é ofrecer á veciñan-

za unha canle de promoción que a día de hoxe é básica e necesaria a través de internet e as redes sociais”, afirmou o concelleiro Raúl Treus.

Asemade, o departamento de Turismo desvelou os proxectos que o departamento está a programar de cara ao ano 2021, encamiñados a dar a coñecer os recursos turísticos dos que dispón o municipio e nos que se leva actuando dende hai tempo para conservalos. Un exemplo destes proxectos é *Boiro facendo camiño*, un conxunto de roteiros turísticos que se presentaron a comezos de marzo e que xa están dispoñíbeis na web turística de Boiro (www.boiroturismo.gal). O proxecto *Boiro facendo camiño*, concibido e desenvolvido en colaboración coa veciñanza do municipio (que contribuíu e vai contribuír a xeolocalizar, recuperar e mostrar lugares senlleiros e sobranceiros, de visita obrigada) pon o foco nas rutas de sendeirismo que resultan máis accesíbeis e doadas de percorrer para todos os públicos. Como dixemos, os percorridos pódense consultar na web de turismo de Boiro e descargar. Os camiños transcorren a carón de hórreos, cruceiros, lavadoiros e fontes, polo que divúlgase o patrimonio etnográfico e paisaxístico da localidade. Neste intre xa hai deseñadas tres rutas: Boiro – Pasais do Coroño; os Muíños do Río Breiro; e Boiro – Sealo – Madalena.

Obras recentes

• Mellora beirarrúas Praia Xardín – rematadas

Remataron xa as obras de mellora de beirarrúas na praia de Barraña, coas que se actuou para adoptar medidas de seguridade universal nun espazo público, garantindo a autonomía das persoas e favorecendo a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía, especialmente para as persoas con discapacidade.

Actuouse na marxe sur da Avenida de Compostela, nun treito de 270 metros lineais que percorre o piñeiral do Esteiro do Río Coroño. Ademais da mellora de beirarrúas para adaptalas á normativa actual en canto a accesibilidade, instalouse unha nova rede de pluviais, fíxose unha substitución de luminarias a LED e dotouse o espazo de novo mobiliario urbano.

• Obras Brión – en execución

Están en execución as obras de renovación de pavimentos e redes de servizo no núcleo de Brión. Unha actuación coa que se está a levar a cabo a mellora do firme en tramos que presentaban deficiencias debido ao deterioro das mesmas. Tamén se está a levar a cabo a renovación de redes de captación de pluviais.

• Obras Pazo de Goiáns – en execución

Paralelamente ás obras de rehabilitación do Pazo de Goiáns, o Concello de Boiro está a executar obras nas construcións anexas que hai na finca, para evitar que prosiga nelas o deterioro e poder rehabilitar todas aquelas que teñen valor patrimonial.

• Obras Piscina Municipal – en execución

Están en execución as obras de renovación dos

falsos teitos do complexo deportivo de A Cachada, coa que se van renovar os falsos teitos do vaso da piscina e dos corredores de acceso á instalación.

• Obras auga Bealo – en licitación

Están en licitación as obras de instalación de auga potábel en Bealo para dotar deste servizo a todas as vivendas da parroquia de Bealo que quedaron fora nas dúas primeiras fases da actuación.

• Obras beirarrúas Esteiro – en licitación

Están en licitación as obras de execución e beirarrúas no lugar de Esteiro, en Cabo de Cruz. Con esta actuación vaise executar as beirarrúas e dotación de servizos na beira sur do lugar de Esteiro, dotando de maior seguridade a estrada que vai dende este núcleo coa DP-1107 que une Boiro e Cabo de Cruz.



Patrimonio con vida

O concello de Rianxo, incluído nas novas axudas para mercar vivendas en áreas históricas, que poderían chegar aos 15.000 euros

Quen queira mercar unha vivenda nos centros históricos de Rianxo, Noia e Muros, vai ter importantes axudas do Goberno galego, axudas que poden chegar aos 15.000 euros nalgúns casos específicos. As axudas xa se poden solicitar.

Abranguen, na provincia, os concellos de Betanzos, Corcubión, A Coruña, Ferrol, Mugardos, Muros, Neda, Noia, Padrón, Pontedeume, Rianxo e Santiago de Compostela.

O obxectivo principal co que se puxo en marcha este programa é “o de contribuír a fixar poboación de forma estábel nestas zonas, lugares emblemáticos e cunha grande riqueza patrimonial e arquitectónica”.

No caso concreto de Rianxo, é un dos concellos galegos que máis destaca na posta en valor do patrimonio dos seus núcleos históricos, a través dos incentivos das Áreas de Rehabilitación Integral de Rianxo, Rianxiño e Fincheira. Segundo fixo saber o Concello, esta liña de acción xa vai pola súa oitava



fase e xa incluíu o desenvolvemento de 160 obras de rehabilitación. O que se busca agora é ampliar as áreas de rehabilitación a novos barrios e núcleos. O rexedor Adolfo Muíños, destacou a importancia das novas axudas, en boa medida polos

beneficios patrimoniais, sociais, turísticos e económicos que implica calquera esforzo que se faga para “mellorar os casos antigos e buscar novos veciños”.

Segundo a resolución publicada no DOG, as persoas interesadas poden

solicitar estas subvencións até o vindeiro 1 de setembro.

Trátase da terceira convocatoria deste programa, que para 2021 contará cun orzamento de 600.000 euros, case seis veces máis que a dotación coa que saíu convocada o ano pasado.

Como novidade este ano, inclúese a supresión do requisito de sermos menores de 35 anos para poder optar ás axudas, de tal xeito que se estende a consideración de potencial beneficiario ao conxunto dos galegos.

A contía das axudas elévase ata os 15.000 euros nas tres áreas Rexurbe declaradas en Galicia como é o caso da Coruña, onde estas axudas son de maior contía. Nos demais casos o importe da subvención variará en función da idade do solicitante, de forma que se a vivenda foi adquirida por unha persoa maior de 35 anos, o importe máximo a percibir será de 10.800 euros; unha contía que se ampliará ata os 12.800 euros cando os solicitantes sexan menores de 35 anos.

Respecto aos requisitos económicos de acceso, o límite de ingresos dos solicitantes elévase até 6,5 veces o IPREM (48.877,33 euros), o que correspondería a case o 90% dos fogares galegos.

Unha figueira da Casa de Rosalía para o Pazo de Rianxiño

O pasado 20 de marzo, o alcalde rianxeiro Adolfo Muíños e máis o escritor Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro, plantaron no Pazo de Rianxiño unha figueira procedente da Casa Rosalía. Con este simbólico acto, ratifícase a sinatura do convenio de mecenado que o Goberno rianxeiro fixo efectivo en Padrón o mes pasado, converténdose Rianxo no noveno concello “amigo da Casa de Rosalía”, un inmóbel que, segundo lembrou Angueira, “é de todas as galegas e de todos os galegos”.

En virtude do convenio anual asinado entre o Concello de Rianxo e a Fundación Rosalía de Castro, polo que a entida-



▶▶ Con este acto, ratifícase a sinatura do convenio de mecenado converténdose Rianxo no noveno concello “amigo da Casa de Rosalía”

de local achega 1.000 €, tanto os escolares do municipio como as asociacións culturais poderán ter visitas guiadas de balde á Casa de Rosalía. Así, “en tempos de COVID-19, a veciñanza de Rianxo poderá visitar o museo de xeito gratuito”, sinalou o alcalde.

WiFi4EU en Rianxo

O Concello de Rianxo confirmou este mes de marzo que se completou o despregue dos 10 puntos locais de acceso que conforman no municipio a rede pública aberta WiFi4EU. A Axencia Executiva de Innovación e Redes (INEA) da Comisión Europea subvenciona a adquisición do equipamento con 15.000 €, que o Concello completa con 21.749,44 € de fondos propios para garantir o subministro de datos durante os tres vindeiros anos.

A iniciativa WiFi4EU promove o libre acceso da cidadanía a conexións Wi-Fi abertas e gratuítas en espazos públicos de municipios de toda Europa.

As áreas cubertas polos puntos de acceso en espazos



públicos son as seguintes: Campo de Arriba (Rianxo), Parque de Galicia - Auditorio (Rianxo), Praza Virxe de Guadalupe (Rianxo), Parque da Martela (Rianxo), Praia da Torre - Castelo da Lúa (Taragoña - Rianxo), Campo de Pazos (Taragoña), Centro Social da Capela (O Araño), Casa da República (Isorna), Centro Cultural Vicente Vidal (Leiro) e A Atalaia (Asados)

A folla de ruta colaborativa da recuperación sonense

O Concello do Son xunta forzas cos establecementos para a reactivación progresiva e controlada da actividade turística



No Son, o Concello quere impulsar a recuperación económica do sector hostaleiro e turístico e facela cen por cen compatible coa loita contra a COVID-19, coa sustentabilidade e co coidado da paisaxe e do medio ambiente.

Froito deste compromiso é a folla de ruta turística que se vai materializar traballando ombro con ombro cos establecementos locais e, tamén, os diversos traballos de acondicionamento que está levando a cabo o Concello para que a recuperación turística

sexa paulatina e controlada pero tamén firme e real (iniciativas como a reapertura das oficinas de turismo de Porto do Son, que estarán operativas esta Semana Santa; a colocación de baños na praia de Ornanda, que estarán dispoñíbeis en datas vindeiras; a apertura do miradoiro do Caamaño; ou tamén, o exhaustivo labor de limpeza e posta a punto de accesos, beirarrúas, zonas de lecer e praias que desenvolven estes días os operarios municipais e os membros da Ecobrigada da asociación inclusiva Amicos).

Colaboración co empresariado

Como dixemos, o Concello busca converter o municipio nun referente en turismo sustentábel, ou sexa, rendíbel social e economicamente ao tempo que respectuoso e beneficioso co medio ambiente, a paisaxe e a historia do territorio. Por esta razón, prepara novas experiencias para explorar e gozar do municipio. Farao ademais co engadido extra de ser un proceso participativo, aberto ao tecido produtivo.

O obxectivo final sería “ofrecer aos visitantes experiencias que lles

permitan vivir ao máximo a nosa riqueza natural, patrimonial, deportiva e gastronómica”, sinalou o Concello, engadindo que para reforzar este reto crearanse varias rutas turísticas que sexan un xeito de coñecer a fondo estes tesouros.

O proceso de elaboración da estratexia colaborativa constará de dous elementos fundamentais, con vistas a que en maio se conte xa cun plan de traballo consolidado. Por unha banda, unha liña estratéxica baseada na colaboración cos empresarios e empresarias locais vencellados ao sector turístico, “xa que eles son os primeiros anfitrións para visitantes e turistas durante as súas estadias”. Ademais, dende esta recta final de marzo e até o vindeiro 4 de abril, poderán participar enviando a súa opinión a través dunha enquisa *online* que se lles remitiu por correo electrónico e que tamén está dispoñíbel *online* lista para ser cumprimentada.

A enquisa responde á intención do Concello de “realizar un diagnóstico do sector turístico local, así como a deseñar materiais de promoción turística que amosen ao turista a oferta sonense a través de diferentes experiencias vencelladas ao patrimonio natural e cultural”. Os itinerarios que xurdan deste proceso quedarán materializados en folletos que se poderán consultar en papel e PDF, dispoñíbeis nas oficinas de turismo e outros puntos de afluencia de visitantes, amais de na web e nas redes sociais do Concello.

Para calquera dúbida as persoas interesadas poden contactar co equipo técnico do proxecto no teléfono 672 129 860 ou no correo electrónico experienciasportodoson@gmail.com.

Máis rúas e espazos humanizados

O Concello do Son confirmou o remate dos traballos para humanizar as rúas Petón de Baia e Salvador. Polo que respecta á primeira, someteuse a un proceso de integral de reforma que incluíu a renovación dos equipamentos de auga, saneamento e alumeadado público, ao que se engadiu a substitución do pavimento, que estaba moi deteriorado. No que atinxe á rúa Salvador, os traballos incluíron a renovación das tubaxes que separan as augas residuais das pluviais e, tamén, a substitución do pavimento previo (aglomerado asfáltico) por formigón pulido.

Estes traballos de acondicionamento e humanización tamén se aplicaron



recentemente á rúa Costa da Granxa, ao Centro de Saúde de Porto do Son (onde se habilitou unha rampla de acceso na entrada das urxencias, co fin de favorecer ao máximo a accesibi-

lidade e a seguridade), á contorna da igrexa de Miñortos e ás corredoiras de Noal (coa limpeza pormenorizada das corredoiras de Cabanela, incluíndo baldeado e retirada de terra, verdello e

mofo). Polo que respecta a proxectos vindeiros, o Concello confirmou que se van licitar as obras de humanización da rúa Santa Irene, un viario que tamén se atopa en mal estado.

Dodro, referente en sustentabilidade

O Concello celebrou os días mundiais da Auga e dos Bosques e puxo en valor as súas importantes riquezas ambientais

Dodro está a dar pasos para converterse nun municipio máis avanzado e con meirande calidade de vida ao mesmo tempo que máis respectuoso coa riqueza natural, que, no caso de Dodro, é moita e variada. O programa Dodro Sostible, a través do cal veñen de celebrarse (con diversas actividades) o Día Mundial dos Bosques e o Día Mundial da Auga, apóiase nunha fórmula de éxito: poñer en valor e protexer os seus tesouros ambientais ao tempo que se xera riqueza. Esta fórmula tamén será aplicábel, en boa medida, á conmemoración do Día da Saúde, o 17 de abril, xornada que o Concello celebrará cunha distribución de contedores de cabichas a empresas, cunha limpeza de cabichas no termo municipal e cunha exposición didáctica.

“O noso territorio”, informan fontes do Concello, “ten o privilexio de estar situado nun espazo de gran valor ecolóxico, que inclúe tesouros como as Brañas de Laíño, integradas na Rede Natura 2000, e outros elementos do patrimonio natural que debemos preservar, de aí que esteamos a facer un esforzo de divulgación, protección e concienciación importante”. Por exemplo a través do Plan de mobilidade (presentado hai uns meses no Pazo de Lestrobe), o Pacto das Alcaldías a prol do Clima e a Enerxía Sustentábel (PACES, do que Dodro forma parte), as actuacións para mellorar a xestión da biomasa e previr incendios forestais (accións que segundo informa o Concello están a ser nesta lexislatura “moi eficaces”), a adquisición de equipos para fomentar a reciclaxe, a implantación da compostaxe doméstica con

distribución de contadores para os fogares, as obras recentes de saneamento ou a mellora da eficiencia enerxética nos edificios municipais.

Día Mundial da Auga

O Concello celebrou o 22 de marzo o Día Mundial da Auga. Fíxoo cunha actividade de divulgación da arquitectura local da auga nas redes sociais, na que puxo en valor as fontes, lavadoiros e muíños do termo municipal, a través das publicacións de fragmentos do libro *Toponimia de Dodro e de Laíño. Os nomes na auga* de Manuel Lorenzo Baleirón, e coas publicacións de enlaces ao catálogo Obaixoulla.gal. Tamén houbo unha mesa de traballo nomeada *Os retos da auga en Dodro*, na que participaron Augas de Galicia, Viaqua e máis representantes do Concello.

Día Mundial dos Bosques

O Goberno local conmemorou esta xornada, o 21 de marzo, cunha plantación de frondosas autóctonas de castaños e cerdeiras na zona da Paxareira, na proximidade do Polideportivo. A iniciativa veu motivada, principalmente, porque a zona elixida atópase no transcurso dunha faixa secundaria de xestión da biomasa e a menos de 50 metros dunha edificación destinada ás persoas como é o caso do polideportivo, polo que ao establecer esas especies no lugar créase unha franxa de descontinuidade fronte a propagación e prevención de incendios entre o núcleo de poboación e o monte. Colaborou persoal do Concello, o Distrito Forestal IV (Consellería de Medio Rural), CMVMC Balouta e Fontecoba.

Todas as publicacións en redes sociais levarán o cancelo #DodroSostible.

DODRO SOSTIBLE



21/03/2021 - DÍA MUNDIAL DOS BOSQUES

PLANTACIÓN DE ÁRBORES AUTÓCTONAS NA PAXAREIRA - 24/03/2021

22/03/2021 - DÍA MUNDIAL DA AUGA

DIVULGACIÓN DA ARQUITECTURA LOCAL DA AUGA - 22/03/2021

MESA DE TRABALLO: RETOS DA AUGA EN DODRO - 23/03/2021

17/04/2021 - DÍA MUNDIAL DA SAÚDE


TABACO, PEGADA AMBIENTAL E SAÚDE 22/03/2021 - 07/04/2021

(REPARTO DE COLECTORES DE CABICHAS A EMPRESAS, LIMPEZA "DODRO LIBRE DE CABICHAS" E EXPOSICIÓN DIDÁCTICA)



A Semana Santa reinvéntase

As actividades distanciadas e *online*, estrelas da axenda comarcal



Semana Santa antes da pandemia e durante a pandemia
Facemos repaso polas cousas que cambiaron e as que se manteñen

4-5



A nova andaina da Mancomunidade Barbanza-Arousa
Adolfo Muíños debúllanos os obxectivos da súa presidencia

6



Un referente cultural na parroquia de Artes
Presumimos de Museo do Gravado

15

Semana Santa Porto do Son 2021



Celebracións da Semana Santa e do Triduo Pascual

As celebracións realizaranse seguindo os protocolos de prevención fronte ao Covid-19

26 de Marzo · Venres de Dolores

*20:00h. Misa Solemne á Virxe das Dolores
e en memoria dos confrades falecidos*

28 de Marzo · Domingo de Ramos

*12:00h. Bendición de Ramos
e Misa Solemne*

30 de Marzo · Martes Santo

20:00h. Misa e rezo do Viacrucis

1 de Abril · Xoves Santo

18:00h. Misa da Coa do Señor

2 de Abril · Venres Santo

18:00h. Celebración da Paixón do Señor

3 de Abril · Sábado Santo

18:00h. Vigilia Pascual



*Cofradía de la Pasión
de Nuestro Señor*

4 de Abril · Domingo de Pascua

12:00h. Misa Solemne da Resurrección do Señor



concello
Porto do Son

 *Podes seguir todas as celebracións en directo no YouTube do Concello de Porto do Son (https://www.youtube.com/channel/UCwPILe_RKZCUnWqPtxnyS-A)*

Futuro incerto en plena desescalada

A hostalería da nosa comarca recibe a Semana Santa con moita preocupación



As medidas anunciadas o pasado martes 9 de marzo e que estarán vixentes ata o 9 de abril, deixan sen ceas de Semana Santa aos restaurantes e bares, pois amplíase o horario da hostalería ata as 21.00 horas naqueles municipios que non se atopen en risco extremo, permanecendo o toque de queda sen movemento, é dicir, ata as 22.00 horas. Isto decidiuse, co obxectivo de que non houbera unha masificación nas ceas de San Xosé e Semana Santa. Sen embargo, a ocupación dos establecementos si aumentará en case todos os municipios galegos, establecendo como máximo o 50 % do aforo con grupo de 4 non conviventes nos interiores e o 75 % con mesas de ata seis 6 persoas non conviventes nas terrazas. No referente ás axudas dos concellos e deputacións, soamente 120 municipios conseguiron beneficiarse ata o momento da ferramenta da Xunta para tramitar o pago, que outorga unha cantidade total de 1.000 euros por beneficiario.

Con este panorama vai recibir o sector hostaleiro a Semana Santa. Os donos dos establecementos están moi preocupados, xa que non soamente a hostalería está mal, senón que a gran parte dos hoteis e pensións están pechados. Ademais, os poucos que



ficán aínda abertos, recibiron máis dunha ducia de cancelacións para estas datas, debido a que Galicia queda delimitada perimétralmente. Doutra banda, a restauración coas restricións vixentes non é rendíbel. Inflúe o medo de que as cifras volvan a aumentar e en calquera momento se establezan novas medidas que obriguen a pechar.

Perfecto Gómez, do Furancho de Rianxo expón que “o sector hostaleiro afronta a Semana Santa con moita incerteza”. Ademais, comenta que “ata

que termine a pandemia nada vai ter sentido, pero que no seu establecemento intentarán promocionar, sobre todo, o produto bruto que teñen”. Así, elaborarán unha carta con máis de 20 referencias para que o cliente pida ao seu gusto. Pola súa parte, María Paz Piñeiro Tomé, veciña da Pobra do Caramiñal, apunta que “non reservará mesa en ningún restaurante da zona durante a Semana Santa, posto que coa pandemia non se poden facer plans a longo prazo”.

Petición de plan de rescate

Ao longo dos meses a hostalería da nosa comarca protagonizou diversas mobilizacións para reclamar máis apoio por parte dos gobernos central e galego. De xeito progresivo e continuo, fóronse estreitando os vencellos entre as e os integrantes do sector dos nosos concellos (A Pobra do Caramiñal, Boiro, Lousame, Noia, Porto do Son, Rianxo e Ribeira), unidas e unidas baixo un obxectivo común: reivindicar medidas contundentes para impedir o afundimento definitivo da hostalería, incluído un plan de rescate que incorpore tamén aos responsábeis dos establecementos. Segundo explicaron algúns dos principais representantes do sector comarcal, o que se vén pedindo non é complicado de entender, e só hai que remontarse ao que ocorreu na costa galega xusto despois do afundimento do Prestige, unha catástrofe natural e económica que chegou a afectar a máis de 350.000 persoas e que, polo tanto, fixo que se mobilizarán axudas e recursos para armadores, buques e mariñeiros, non só para os mariñeiros. Segundo as estimacións do sector no Barbanza, o número de locais que están a alzar a súa voz nos sete concellos a prol de iniciativas reais e contundentes de rescate é de arredor duns 300.

Na mesma liña, a presidenta da Asociación Hostalería Compostela, Sara Santos, sinala que “as medidas non son equilibradas, pois os bares e cafeterías poderán acceder a máis clientes porque hai moita xente que vai tomar algo despois de traballar, pero para os restaurantes non suporá ningún cambio, xa que as ceas se realizan máis tarde”. Porén, Sara explica que “a Semana Santa será moi diferente a como estamos acostumados”. Habitualmente esta data supoñía o arranque da tempada alta para o sector hostaleiro, mais neste momento, a realidade é outra: moitos negocios están pechados e outros a borde da quebra, sen esquecerse de que aínda seguimos en pandemia.

SEMANA SANTA

Historia dunha festividade que agarda tempos mellores

A Semana Santa tradicional no Barbanza, ritos e fervor relixioso



Foto: Abelardo Soler

O Barbanza é unha zona na que a Semana Santa se vive e celebra dunha forma moi intensa e especial. Unha vez pasada a Coresma, celébrase unha festa cun fervoroso recoñecemento relixioso que, ademais, engloba unha dimensión de evasión para todos aqueles que desexan un descanso para desconectar e viaxar na busca dos primeiros raios de sol da tempada estival, ou as últimas neves do inverno. No caso do Barbanza, este sitúase como un destino idóneo para todas as persoas que precisen un cambio de aires nestas datas.

Trala Coresma, a Semana Santa supón o rexurdir da festa na que se rememora a paixón e resurrección de Cristo, que se abre o Domingo de Ramos, coa evocación da entrada triunfal de Xesucristo en Xerusalén e se pecha o Domingo de Pascua. Unha semana repleta de actos de marcado carácter piadoso e fervoroso.

A aparición da COVID-19 provocou que a Semana Santa suspendera todas as actividades presenciais tanto o ano pasado como este. Ata ese momento, os concellos do Barbanza realizaban diferentes actos centrados en recordar diversos acontecementos de carácter histórico-relixioso. Así, no 2019, último



Foto: Abelardo Soler

ano no que se celebrou esta festividade, o Domingo de Ramos deu o comezo á Semana Santa no Barbanza, con actos como a tradicional bendición no cruceiro do Bao, en Boiro, e no Porto do Son, coa imaxe de Xesús a lombos da Borriquiña. Este inicio é tradicionalmente protagonizado por mozos e nenos que portan a bendición dos ramos, así como estes invaden as rúas e camiños do Barbanza nuns eventos tremendamente vistosos.

Durante a Semana Santa, os municipios da zona énchense de devotos e confrarías que participan nas celebracións e actos litúrxicos que conmemoran a Paixón, Morte e Resurrección de Xesús. A máxima escenificación da Semana Santa ten seus maiores expoñentes nas procesións na que se representa con imaxinación a dramática paixón de Xesucristo, como mostra de relixiosidade popular, e como atractivo turístico.

En Ribeira, desde hai tres anos, coa chegada do sacerdote Alfonso Mera, a procesión do Paso de Xesús na Horta das Oliveiras pasou a realizarse o Xoves Santo. En Noia lévase a cabo a procesión das Carracas, que dá inicio á Hora Santa. Este desfile, celebrado en toda a bisbarra, representa a última cea, o lavatorio de pés, a bendición do pan e viño e a traizón de Xudas.

O Venres Santo é o día grande por historia, unha das máis representativas e profundas conmemoracións do cristianismo, día no que se recorda a crucifixión e a morte de Xesús. Este acto é representado, por exemplo, en Rianxo, onde a primeira hora da mañá lévase a cabo o anuncio do Santo Encontro polas rúas da vila cunha banda de música que os acompaña. Máis tarde ten lugar o Santo Encontro, para continuar cos santos oficios e a Adoración da Cruz, que dá paso ao acto do Desencravo. Para rematar a xornada, pola noite sae a procesión do Santo Enterro, na que se reparten velas entre os asistentes como única luz nesa triste noite. Na Pobra, ademais das misas correspondentes ó Venres Santo, realízase a procesión fervorosa Os Caladiños, na que se dan cita un inmenso número de veciños do concello e arredores. O concello de Noia celebra o Santo Encontro no Curro que logo dá paso á procesión pola mañá, para pola tarde celebrar a Paixón do Señor e o Desencravo, culminando, como no resto da zona, coa procesión do Santo Enterro.

Logo dunha semana de conmemoración da dor, paixón e sufrimento de Cristo, chega a Resurrección. Este feito ten lugar na noite do sábado, coa celebración da Vixilia Pascual, pero sobre todo o domingo, co chamado Domingo de Resurrección ou de Pascua. Nese día, en Ribeira celébranse os oficios da solemne eucaristía na igrexa parroquial, cunha cita pola mañá e outra pola noite. En Noia, pola mañá sae a procesión do Resucitado desde a capela de San Bernardo, así como en Porto do Son ten lugar a procesión do Xesús Glorioso. Ademais, son moitos os municipios do Barbanza os que achegan as flores da representación da Resurrección aos hospitais para axudar a enfermos.


O Domingo de Pascua é tamén coñecido, ademais de polo seu carácter relixioso, por ser o día no que se regalan ovos de chocolate. Este feito ten a súa orixe na antigüidade cando se prohibía o consumo de lácteos e ovos ata o Sábado Santo, polo que o Domingo de Pascua era o primeiro día no cal se deixaba de rexer esa prohibición e comezaron a regalar ovos de galiña, dando lugar á tradición que existe a día de hoxe.

Este ano botarase en falta todo isto. A Semana Santa non se volverá celebrar por segundo ano consecutivo por mor da COVID-19, mais iso non provocará que a tradición se perda. A Semana Santa engloba moito máis que o propiamente relixioso, xa que o Barbanza é unha zona que atrae a moitas persoas nestas datas e todo o positivo que iso provoca, polo que esperemos que está fermosa festividade, con esta tradición e arraigo territorial se poida volver a celebrar canto antes.

►► Durante a Semana Santa, os municipios da zona énchense de devotos e confrarías que participan nas celebracións e actos litúrxicos que conmemoran a Paixón, Morte e Resurrección de Xesús

O multitudinario terá que agardar

A veciñanza de Barbanza vivirán unha Semana Santa diferente este ano



A Semana Santa é unha data moi importante para todas e todos, xa que conmemora acontecementos como a morte e a resurrección de Xesús. Este período tamén recibe o nome de *Semana Grande*, pois comprende dende o Domingo de Ramos ata o día de Pascua. Segundo o Párroco de Ribeira, “a Semana Santa non é sempre na mesma data porque a morte de Xesús coincide o 15 do mes de Nissan do calendario xudeu, que é cando se celebra a Pascua xudía, pero a Igrexa Católica celebra o día de Pascua o primeiro domingo de lúa chea”. Isto produce que a celebración da Semana Santa se mova entre o 22 de marzo e o 25 de abril.

En Barbanza, a Semana Santa habitualmente é viva e activa. A fe e o fervor exprésanse nas procesións, en moitos casos cunha participación moi numerosa. Con todo, hai persoas que viven esta festividade dende fóra, mentres que outros implícanse máis na súa conmemoración. En xeral, a Semana é moi enérxica, aínda que é probábel que a nivel persoal se sinta

un día concreto con máis intensidade. De feito, para María Paz Piñeiro Tomé, unha veciña da Pobra, “as celebracións máis bonitas son a da Borriquita (domingo de Ramos) e a dos Caladiños (venres Santo)”.

As indicacións do Arcebispo e da Conferencia Episcopal para esta Semana Santa 2021 son claras: recomandan a celebración presencial na medida en que sexa posíbel e respecte as normas sanitarias. Sen embargo, é evidente que a situación que se vive é excepcional. Por iso, a Semana Santa de Barbanza levarase a cabo cun aforo reducido de maneira considerábel.

Desta forma, elaborouse un programa adaptado ás restricións e medidas establecidas. En principio, os veciños non poderán xuntarse todos nas celebracións litúrxicas, pero si poderán achegarse á igrexa ao longo do día, sen crear aglomeracións e situacións de risco. De feito, este ano a programación da Semana Santa da Parroquia de Santa Uxía de Ribeira complétase con momentos de oración, reflexión e de meditación ao longo de todo o Tríduo Pascual.

▶▶ As indicacións do Arcebispo e da Conferencia Episcopal para esta Semana Santa 2021 son claras: recomandan a celebración presencial na medida en que sexa posíbel e respecte as normas sanitarias

Polo momento, realizaranse diversas propostas que substituirán as procesións. Dunha banda, haberá unha exposición fotográfica, que contará cun formato moi interesante. Por outro lado, a tradicional bendición de Ramos cambiarase polas distintas celebracións do Sábado (misa vespertina) e Domingo. Entre o Luns Santo e o

Mércores Santo, o párroco visitará a enfermos e aos maiores do municipio, para ofrecerlles a participación nos sacramentos da Eucaristía e da Penitencia ou simplemente para facerlles compañía. Ademais, o Xoves Santo, levarase a cabo a Procesión do Paso na igrexa, facendo varios tornos. O venres, a Procesión do Santo Enterro tampouco sairá, pero poderase contemplar a Xesús na parroquia.

En canto ao Domingo de Pascua, aínda non se sabe o que vai acontecer. Moitas familias reuníanse este día para comer e estar xuntos. O Domingo de Pascua representa o amor polo próximo e este ano, isto tradúcese no coidado e na procura de salvar vidas. Por tanto, a solución non é só a crítica e a denuncia das inxustizas, senón tamén o compromiso persoal e colectivo. Malia todo, haberá que esperar para comprobar se as familias compren as medidas.



ENTREVISTA

Adolfo Muíños ► alcalde de Rianxo e presidente da Mancomunidade Barbanza Arousa

Adolfo Muíños, alcalde de Rianxo, fálanos nesta entrevista dun novo e importante cometido na súa axenda: a presidencia (dende febreiro) da Mancomunidade de Municipios Barbanza Arousa. Segundo fai saber, porase o foco en potenciar o Camiño de Santiago na nosa comarca, en pór en valor os castros dos nosos concellos, e en impulsar o turismo náutico e mariñeiro e a actividade deportiva como reclamo. Respecto das posibilidades que se abren nesta desescalada, Muíños móstrase positivo e pon en valor o importante labor levado a cabo polas nosas hostaleiras e hostaleiros: “Foron dos máis prexudicados e souberon trocar instalacións para exterior, hábitos, aumentar a hixiene, fomentar a entrega a domicilio, cando tocou”.

Tocoulle a vostede asumir o cargo de presidente da Mancomunidade para 2021 e recoller a testemuña de Manuel Ruiz, alcalde de Ribeira. Como afronta este mandato? Cales serán as liñas a seguir?

- Afronto o mandato moi ilusionado con varios proxectos nos que se leva tempo traballando e que van ir dando os seus froitos o longo deste ano e os vindeiros.

Un deles, estratéxico para a comarca é a potenciación do Camiño de Santiago por terra desde Corrubedo a Padrón pasando por todos os concellos, chamado A Orixe. Da man da asociación de amigos do camiño do Barbanza e o seu traballo rigoroso descubriuse a pegada de peregrinacións na nosa bisbarra e, a partir da súa existencia histórica, con dous Anos Xacobeos por diante, configúrase un eixe de promoción da comarca ao abeiro da pegada xeral de Compostela e do Camiño, a grande panca do turismo galego a nivel mundial. E Barbanza-Arousa vai estar aí ofertando un percorrido costeiro e xuntándose ao marítimo que é a Translatio para ofertar a nosa proposta e os noso recursos hostaleiros.

Un segundo elemento dinamizador é o proxecto coñecido como A Idade do Ferro que dinamizará catro elementos castrexos a través dun plan director a aprobar neste ano. Inclúirá a posta en valor con intervencións de valorización de catro castros en cadanseu concello durante varias fases. Está impulsado pola Deputación Provincial da Coruña e poñerá o albo nos valores patrimoniais e históricos creando un percurso que una A Cidá, Neixón, As Cercas e mesmo incorporará o Castro de Bexo en Dodro para esta interesante rota castrexa do sur da provincia.

Unha terceira grande área é o que ten a ver con turismo náutico e mariñeiro. Queremos fomentar a relación especial que ten a bisbarra co mar, unha oferta da maior parte de días do ano que fai a nosa ría moi singular.

Por último, e agardando que as circunstancias o permitan, sempre pensamos na actividade deportiva

“Volver traer xente aos nosos concellos é o mellor antídoto contra o desánimo”



como catalizadora de turismo para a comarca. Retomar as probas de catro carreiras e un destino (maratóns), probas ciclistas e unha importante novidade neste ano: imos asinar un convenio para durante catro anos ser anfitrións durante un fin de semana da Liga ACT de Remo. Isto é: temos garantidas dúas probas nos nosos concellos da primeira división de remo acollendo a todo o que se move arredor deste

►► O noso traballo centrarase na promoción como destino da comarca e contribuir a retomar a actividade turística, cultural e deportiva de maneira xeneralizada

deporte de mar que arrastra a moitas persoas de toda a zona norte do Estado e que terán en Barbanza Arousa o seu centro: coa promoción publicitaria nos medios, o movemento de hostalería, en definitiva a dinamización masiva dos nosos municipios arredor da competición do remo.

- Vostede asume o mandato nun intre ben complexo: nun ano que vai estar marcado, de xeito irremediábel, polas consecuencias negativas da pandemia. Que expectativas ten a este respecto?

- Temos que ser optimistas necesariamente. Desde a saúde primeiro como mensaxe debemos estar preparados para unha tempada que en liñas xerais foi moi positiva no verán do ano pasado, reencontrándonos co turismo galego e doutros lugares do Estado, que lonxe de ir a outros países volveu os ollos ao máis próximo e seguro, os valores culturais, patrimoniais, de natureza, de aire libre que ofrecemos. Para isto, e sobre os eixes mencionados na primeira cuestión queremos afondar na nosa oferta, esa combinación de mar e monte, de non masificación que ten Barbanza-Arousa.

Como avanzaba a estrela será a acollida do mellor do remo durante dúas xornadas que propiciará a chegada de milleiros de persoas afeccionadas e que se desprazan segundo o calendario de competición, á vez que os centos de deportistas, adestradores, técnicos que compiten. Súmenlle as familias e os seareiros e ese movemento ímolo ter catro anos garantidos. Este ano Boiro, pois compite Cabo nesta competición e ten de seu unha xornada, e Rianxo, que nas sortes será o primeiro destino aos que se sumarán os seguintes concellos. Esperamos deste convenio un importante retorno.

- Na súa opinión, como foi o comportamento dos establecementos turísticos e hostaleiros durante este ano de crise sanitaria?

- Moi maioritariamente, comportamento excelente con acomodo ás normas que cambiantes ían impulsando as autoridades sanitarias. Foron dos máis prexudicados e souberon trocar instalacións para exterior, hábitos, aumentar a hixiene, fomentar a entrega a domicilio, cando tocou. E sobre todo, ter un labor pedagóxico importante cos seus clientes.

Diciá estes días na entrega dos premios das tapas de Barbanza Arousa, como as consumicións deron o chimpido do presencial, pasando a distribuírse máis de 5.500 para levar, cos seus recipientes. Esta flexibilidade di moito do seu bo traballo de ver oportunidades onde outros ven, ou vemos, todo negro.

» A sintonía é moi boa entre os concellos e hai unha vontade de ampliar as relacións alén do turismo

- Que ten previsto a Mancomunidade de Barbanza – Arousa para contribuir á recuperación do sector nos nosos concellos?

- O noso traballo centrarase na promoción como destino da comarca e contribuíndo a retomar a actividade turística, cultural e deportiva de maneira xeneralizada. Volver traer xente é o mellor antídoto contra o desánimo. Tamén se fomentarán varias citas gastronómicas para fomentar os produtos locais tanto da conserva como a produción vitivinícola da IXP Barbanza-Terras de Iria.

Hai un campo de traballo arredor da venda cruzada de produtos para que o visitante acceda a unha oferta conxunta de diferentes empresas e xunto a unha estancia engada un xantar, unha actividade turística, un produto cultural, e dunha maneira global. Creo de interese crear paquetes conxuntos e que facilitemos o visitante un conxunto de experiencias, non facer a guerra pola nosa conta.

- Como é neste intre a sintonía entre os concellos que integran a mancomunidade? Hai unha boa base de traballo? Que podemos agardar destes vimbios de colaboración para este ano e os vindeiros?

- A sintonía é moi boa entre os concellos e hai unha vontade de ampliar as relacións alén do turismo. A Mancomunidade é un punto de encontro do que saen experiencias conxuntas de Oba-

doiros de Emprego, de promoción do portelo conxunto que é a Axenda Cultural, e outros eidos nos que irán progresivamente ampliándose as relacións entre as entidades integrantes. Así como no turístico somos conscientes de que sós non se vai a ningún lugar para a promoción dun territorio isto chegará a outras cooperación, sexamos de a catro, de tres ou dous municipios en ámbitos diferentes como o lixo ou outras materias onde a unión fai máis forza.

Quero mencionar tamén, neste senso, o traballo dos catro concellos xunto coa Fundación RIA dun proxecto de mobilidade e transporte público entre os polígonos empresariais que convertemos en expresión de interese para acceder os fondos europeos de reactivación, Next Generation. Un exemplo de novos ámbitos onde veremos sumar esforzos.



Toda a actualidade
da comarca nas túas
mans



obarbanza.gal

Visita a nosa web

Síguenos en:



obarbanza

@obarbanzagal

@o_barbanza

608 240 160

O Barbanza
Diario dixital

A NOSA HISTORIA

José Martínez Fernández, o mellor alcalde de Ribeira

Xosé María Fernández Pazos

Este 8 de abril cúmplense 100 anos da morte de José Martínez Fernández, considerado o mellor alcalde de Ribeira. Pertencente á familia Martínez que tiñan navieiras, eran banqueiros e contaban con salgadasuras, foi catro veces alcalde de Ribeira e está considerado como o mellor rexedor que tivo o concello gobernando en nove mandatos nos períodos 1897-1890, 1897-1899, 1904-1909 e 1914-1919.

Nos seus períodos e grazas ás súas boas relacións políticas, o municipio conseguiu os maiores logros. Así chegaría o "Título de Cidade de Ribeira" en 1906, porto de segunda clase, cuartel da garda civil, camposantos de Palmeira e Santa Uxía e a segregación do chamado dos protestantes, nova Casa Consistorial e arranxo do Campo do Fraile, fonte do León de Padín, creación do corpo de serenitos de Ribeira, traída de auga a Corrubedo desde o Moucho, construción dunha fonte na localidade, reconstrución do porto de Palmeira, arranxo da Rúa Rosalía Castro canalizando o río Pontelliña que discorre baixo esta rúa. Do seu mandato son tamén a construción da estrada Oleiros a Balteiro, Oliveira a Corrubedo, Alto do Vilar en Palmeira a Moldes e o camiño Caramexeiro a Estrada do Son. Tamén do seu mandato é a primeira lonxa de poxas de peixe que entrou en funcionamento o 1 de xaneiro de 1916.

O Ilustrísimo Señor Don José Martínez Fernández, tamén é lembrado como



Casa Consistorial de Ribeira



Fonte do León de Padín

o grande benfeitor do municipio. Agora que estamos en plena pandemia hai que lembrar a da mal chamada da gripe española de 1918 que afectou á metade da poboación do concello e ocasionou ata setembro de ese ano a morte de 250 veciños. A Corporación decidiu a busca de médicos e practicantes dado que o médico titular, falecera pola pandemia. Ase mesmo fixo unha "subscripción" entre xente puidente para establecer unha cociña económica e facilitar alimentos a enfermos e convalescentes. Do seu propio peto chegou a pagar vacinas para loitar contra a pandemia.

O 13 de xullo de 1919 deixa os seus cargos o fronte do concello debido o seu estado de saúde, e ese mesmo día era nomeado "Fillo predilecto de Ribeira". Trasládase a Santiago para ser tratado da doenza que padecía e falecería o 8 de abril de 1921, causando o seu pasamento grande pesar en toda a poboación.

A Corporación Municipal decidiu decretar loito oficial e dedicarlle a praza situada detrás do novo consistorio, mais axeitado da fachada do concello. A Corporación decide colocar un retrato do alcalde que se solicitaría á súa viúva, Dona Francisca Núñez e que debería ocupar a Sala de Sesións da Casa Consistorial xunto os de Antonio Romero Ortíz, Rafael Gasset Chinchilla, Pedro Pais Lapido, Luís Lamas Varela, Joaquín Chapaprieta, Francisco Prieto Mera e Eduardo Gasset Neira.

O seu inxente labor pasa sen embargo co tempo o esquecemento e o derrube do vello Consistorio nos anos setenta lévase tamén a memoria da súa historia e do que fixo por este pobo. Non estaría mal recuperar o seu nome para a nosa historia.

O alcalde do pobo

Un dos episodios máis sonados e que amosa a forma de ser de José Martínez, aconteceu en xaneiro de 1917 e que lle granxeou o recoñecemento e agradecemento do pobo. A situación de crise, paro e fame afectaba a todo o concello. O 25 dese mes o rexedor foi rodeado por unha manifestación de mulleres e algúns homes que exixían a rebaixa dos prezos dos produtos de primeira necesidade e se lles facilitase millo para facer pan. Martínez enviou emisarios a Coruña e Pontevedra para comprar grao e poñelo á venda abaixo custe, incluso ordenou ós seus caseiros que desgrefiasen o millo e o puxeran á venda o menor custe posible. O día seguinte mentres se celebraba un

pleno no que o alcalde informaba das medidas, unha nova concentración máis virulenta ameazaba con entrar no concello. Martínez amosando grande serenidade fixo que entrasen unha comisión de 20 manifestantes para convencellos de que o que pretendían, asalto de comercios e grandeiros, queima de edificios non ía lograr o que querían. A tensión chegou o máximo cando enriba do ruído as campás da igrexa comezaron a tocar a someten o que levantou os ánimos e a alarma da poboación. A chegada dun tenente e de seis garda civís calmou os ánimos.

Trala trifurca o alcalde iniciou trámites en entidades provinciais e estatais e outras entidades e conseguiu 300 sacos de fariña para dar pan á maioría da poboación local. Ase mesmo



José Martínez Fernández (1859-1921)

alcaldía e corporación acordan utilizar tódolos fondos municipais e incluso endebedarse para adquirir fondos. O préstamo foi avalado polos propios concelleiros. Así en xuño de 1918 cómpranse 160 quintais de millo en Rois que con outras compras atenuarían a fame. A solución chegaría en 1919 cando o Alcalde, a través do Goberno Civil e o Sindicato Agrario Católico de Santiago, compran cantidades suficientes de pataca holandesa e irlandesa e millo arxentino. Iso non evitou episodios puntuais como o asalto en xuño dese ano a varios carros cargados de alimentos e nos que "turbas de chiqueillos sacaban abíchelas sen que a garda civil lograse evitalo expolo.

Bibliografía Bravo Cores, Daniel. "Ribeira, Alcaldes para un siglo (1860-1975)"

Barbanza Arousa, destino litoral sustentábel

Serra, mar e tradición xacobeana nunha única opción turística

Barbanza Arousa, integrado polos municipios de Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira, reflicte a dualidade serra/mar deste territorio aínda descoñecido para moitos de nós, ofrecendo os mellores emprazamentos para engaiolarnos coa paisaxe da Ría de Arousa.


Toda a contorna atópase salpicada de excelentes miradoiros, desde o Pico Muralla en Rianxo, pasando polo Coto da Filloa en Boiro ou o recoñecido miradoiro da Curotiña na Pobra do Caramiñal, até o miradoiro de Pedra da Ra en Ribeira. Son estes só algúns exemplos desa combinación extraordinaria de mar e serra que fan único a este destino.

A procura de novas propostas fai que a exploración de alternativas de lecer seguro nos guíe cara a recunchos descoñecidos que nos dean a oportunidade de continuar deleitándonos en espazos anónimos da nosa contorna. Neste sentido, Barbanza Arousa ofrécenos interesantes opcións para experimentar todo tipo de actividades náuticas, desde asucar as tranquilas augas da ría de Arousa até desafiar ao mar na práctica do

surf nos lugares máis abruptos da súa costa. Un inmenso abano de posibilidades coas que deixarnos seducir á vez que nos conquista coa súa gastronomía estreitamente ligada ao mar.

Ao mesmo tempo, a contorna de Barbanza Arousa atópase intimamente relacionada coa tradición xacobeana. Asucan o seu territorio a Ruta Xacobeana Mar de Arousa Río Ulla e o recentemente oficializado Camiño do Barbanza, A Orixe, permitindo a peregrinación en calquera das súas modalidades: por mar, camiñando, en bicicleta, etc. sendo o único destino que presenta dous camiños de peregrinación, un marítimo e outro terrestre, a Santiago de Compostela.

►► **A contorna de Barbanza Arousa atópase relacionada coa tradición xacobeana. Asucan o seu territorio a Ruta Xacobeana Mar de Arousa Río Ulla e o recentemente oficializado Camiño do Barbanza, A Orixe**



Paseo Marítimo Castelo da Lúa



Mirador da Curota, A Pobra

Todas estas singularidades, converten a Barbanza Arousa nun destino único en pleno corazón da costa atlántica galega, que ofrece ao visitante unha alternativa exclusiva para

mergullarse da man da hospitalidade das súas xentes nunha miscelánea de mar, serra e tradición xacobeana.

Un destino con moito que ofrecer e todo por descubrir!



Praia do Vilar, Ribeira



Cabo de Cruz, Boiro

AXENDA SEMANA SANTA

A axenda dunha Semana Santa non multitudinaria

Os nosos Concellos achegan diversas actividades para conmemorar estas festas e, tamén, para axudar ás familias a vivilas do mellor xeito posíbel

Na Pobra, actividades deportivas e relixiosas

Encadrada no programa de actividades locais de celebración da Semana Santa, celebrarase a segunda Bandeira de Bateis Concello da Pobra. Feminina + Masculina. Será o sábado, 3 de abril. Comezará ás 16.00 horas. Organiza Club Remo Puebla, patrocina Concello da Pobra do Caramiñal e colabora Protección Civil da Pobra do Caramiñal e Federación Galega de Remo.

Polo que respecta á vertente litúrxica, haberá oficios o xoves de Semana Santa (ás 19.00) e o venres (ás 18.00). Isto no que atinxe ao Deán. Se ben a parroquia de Santa María A Antiga tivo que cancelar a histórica procesión de Os Caladiños, celebrarase un rosario ás 20.00 horas do venres.



En Ribeira, arte e devoción

En Ribeira, as actividades comezaron coa exposición de Lesmes Fotógrafos da que falamos nestas mesmas páxinas, e proseguen coas actividades propias desta celebración, nas que a parroquia de Santa Uxía fixo un esforzo especial para garantir o distanciamento. Destaca o Viacrucis do Venres Santo (10.00 horas), o Sermón do Encontro (11.30 horas), a celebración da Paixón (17.00), o Sermón do Desencravo (19.00) e a oración perante o sepulcro (20.00 horas).



San Martiño de Noia, referente



A Semana Santa de Noia xirará arredor da igrexa de San Martiño e as súas citas litúrxicas. Haberá misas o xoves, o venres e o sábado destas festividades ás 20.30 horas. A do domingo de Pascua celebrarase ás 12.00.

As celebracións do Son, no Youtube do Concello



En Porto do Son o Concello quixo achegar este ano unha axenda de Semana Santa accesíbel e segura para toda a cidadanía. Así, ofrecerase aos fregueses a posibilidade de seguir as celebracións a distancia a través do sitio en Youtube do Concello de Porto Son. Tamén se poderá facer o seguimento a través das redes sociais do Concello e da dita Confraría.

Este sería o programa previsto:

- A axenda comeza este **26 de marzo**, Venres de Dolores, ás 20.00 horas, coa misa solemne á Virxe das Dolores en memoria dos cofrades falecidos.
- O **28 de marzo**, Domingo de Ramos, celebrarase a bendición dos ramos e a misa solemne a partir das 12.00 horas.
- O **30 de marzo**, Martes Santo, está prevista unha misa ás 20.00 horas, e máis o rezo do Viacrucis.

- As actividades proseguirán o **1 de abril**, Xoves Santo, coa Misa da Cea do Señor, ás 18.00 horas.
- O **2 de abril**, Venres Santo, celebrarase a Paixón do Señor a partir das 18.00 horas.
- O **3 de abril**, Sábado Santo, desenvolverase a Vixilia Pascual a partir das 18.00 horas.
- O **4 de abril**, Domingo de Pascua, oficiarase a misa solemne da Resurrección do Señor a partir das 12.00 horas.

En Boiro, misas ás 20.00 horas



En Boiro a parroquia aposta por un programa reducido e sinxelo que contribúa a garantir a protección dos fregueses. As misas de Semana Santa, logo da festa de Ramos, celebraranse ás 20.00 horas (o xoves e o venres).

Rianxo, actividades seguras a través da Rede

A Irmandade da Paixón de Cristo de Rianxo apostará pola rede social Facebook para retransmitir os actos da Semana Santa. Destacan, logo da bendición dos Ramos do domingo, as misas do xoves e do venres, as dúas ás 20.00 horas.



En Outes actívase o campamento de conciliación Tempo de Pascua

O Centro de Información ás Mulleres e o Concello de Outes achegan nesta Semana Santa o Campamento *Tempo de Pascua*. O programa desenvolverase no CEIP Plurilingüe de Outes entre o 29 de marzo e o 5 de abril, en horario de 8:00 a 16:00 horas. As familias poderán acudir ao campamento en horario completo ou incorporarse unicamente das 10:00 ás 13:30 horas.



En Lousame, programa de conciliación até o 5 de abril



O Concello de Lousame activa este luns 29 de marzo o programa Lousame Concilia Semana Santa. Farao baixo as máis estritas medidas seguridade e achegando nesta nova edición un total de 12 prazas. A iniciativa vén da man do equipo de Igualdade do Concello. Desenvolverase os días 29, 30 e 31 de marzo e o 5 de abril. As familias interesadas en que os seus pequenos e pequenas asistan a este programa deben reservar a praza no día anterior a través do teléfono 616 345 812 en horario de 09.30 a 14.30 horas durante as xornadas do programa e de 07.45 a 09.00 horas antes do día 29 (primeiro día do Lousame Concilia Semana Santa).



BOIRO FACENDO CAMIÑO

BOIROTURISMO.GAL

Rutas deseñadas para todas as idades, de dificultade baixa.

Ao seu paso poden verse recursos patrimoniais, paisaxísticos e arquitectónicos do municipio.

BOIRO
TURISMO



CONCELLO DE
BOIRO

CULTURA

Abril dos Libros

O Concello traerá espectáculos culturais a todos os recantos de Ribeira

Neste comezo da primavera, Ribeira será un fervedoiro cultural. Así o informaron as concelleiras de Cultura e Educación, María Sampedro e Juana Brión, durante a presentación do programa de eventos Abril dos Libros, unha iniciativa que xorde da unión de forzas de ambos departamentos e que incluírá a cifra destacada de dez propostas culturais co obxectivo común de promover a lectura e reivindicar o poder curativo da literatura. Será ademais unha axenda descentralizada: Abril dos Libros chegará a todos os recantos do concello.

Segundo fixeron saber, o programa estará dirixido maioritariamente a público infantil-familiar pero “tamén haberá algunha que outra proposta para público adulto”.

Todas as funcións serán con aforo reducido, con agrupación por convivintes mantendo a distancia de seguridade, así como o resto do dispositivo de prevención implementado nas instalacións culturais.

Como dixemos, achegaranse dez propostas culturais, dúas delas para adultos e oito para público infantil e familiar, segundo explicou María Sampedro. Os espectáculos para público familiar celebraranse todos os sábados do mes de abril, polas mañás ás doce no Centro Cultural



Lustres Rivas e polas tardes ás sete en distintas parroquias do municipio para así descentralizar a programación e tratar de chegar a todos os veciños e veciñas.

Os sábados ás doce actuarán Ateña García co espectáculo *Utopías*, Raquel Queizás co *Segredo do Tenda*, Talía Teatro con *Rosa Caramelo* e Polo correo do vento con *Protexendo o camiño*.

►► O programa estará dirixido maioritariamente a público infantil-familiar pero “tamén haberá algunha que outra proposta para público adulto”

Polas tardes as sesións serán o sábado 3 na parroquia de Carreira coa obra *Aldara na montaña*, de Soraya Lema; o sábado 10 no Centro Social de Oleiros co espectáculo *Debulendo lendas* de Títeres Tarabelos; o sábado 17 chegará á Casa do Mar de Corrubedo a compañía Pérez&Fernández e o sábado 24 desembarcará en Aguiño na Aula de Música o artista Magín Blanco coa obra *O que levamos nas maletas*.

En canto ás citas para público adulto chegará a Ribeira o venres 23 a nova produción de Excéntricas titulada *Estrela do Día*, un espectáculo escrito polo autor local Quico Cadaval e baseado nos milagres das Cantigas de Santa María de Alfonso X O Sabio, un dos primeiros manuscritos galaico-portugueses do que temos constancia. A obra, que combina “música, humor, e algo de drama”, chega a Ribeira coa colaboración e o patrocinio da Deputación da Coruña.

Segundo fixeron saber as concelleiras, abril pechará “cun evento moi agardado”, como é a presentación literaria da novela *Celada* de Antonio Piñeiro, que foi a obra gañadora da sétima edición do Concurso de Novela Curta Cidade Centenaria de Ribeira.

Todos os espectáculos e eventos, tanto os de adultos como de público familiar, requirirán de inscrición previa. Para iso, na semana de cada sesión as persoas interesadas deberán enviar un correo electrónico a culturaefestexos@ribeira.gal.

O estudio Lesmes Fotógrafos mostra a esencia da Semana Santa no adro da igrexa

O pasado 25 de marzo inaugurouse no adro da igrexa de Santa Uxía unha destacada exposición fotográfica do histórico estudio local Lesmes Fotógrafos adicada á Semana Santa. A mostra, organizada polo Concello en colaboración coa parroquia de Santa Uxía, leva por título *Fe, Arte, Contemplación*. O acto contou coas intervencións do alcalde Manuel Ruiz, do párroco Alfonso Mera, da concelleira de



Cultura María Sampedro e de Manuel Iglesias no nome de Lesmes Fotógrafos, responsábel das vinte instantáneas que comprenden a proposta (tamén estivo a súa irmá Flora Iglesias).

Entre os asistentes figuraban concelleiros de distintos grupos da Corporación, así como representantes da igrexa na comarca, membros de organizacións benéficas e club de xubilados e veciñas e veciños que se achegaron atraídos polo impactante das imaxes,

un coidado percorrido fotográfico polo profundo significado que ten a celebración da Semana Santa en Ribeira, visto a través das persoas da localidade que se implican nela e a viven.

A mostra consta dunha selección de vinte obras tomadas no 2019 de gran formato dispostas en cinco estruturas modulares con dimensións de dous metros por dous metros.

A maior parte delas son en branco e negro e están acompañadas de textos alusivos.

Apoiando ás socialmente indispensábeis

A Deputación abre a convocatoria de axudas de PEL 2021, que mobiliza 5€ ao servizo de persoas autónomas, pemes e microempresas



O PEL máis social da historia. Así foi presentado este 15 de marzo o novo programa de axudas da Deputación da Coruña para apoiar a unhas persoas autónomas e unhas microempresas que a entidade provincial cualificou de “indispensábeis”. A elas vai dirixidas unha convocatoria (PEL 2021) que mobiliza máis de 5 millóns de euros para financiar novas contratacións, investimentos que melloren a competitividade das empresas e cotas á Seguridade Social. “Estamos ante o PEL máis social, cun orzamento que sobe un 40% e incorpora novas liñas para adaptarse á situación actual e apoiar aos sectores máis afectados pola pandemia”, afirmou Valentín González Formoso na presentación da convocatoria 2021.

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, o vicepresidente Xosé Regueira e o deputado responsable da área de Emprego, José Ramón Rioboo, deron a coñecer os detalles dunhas novas axudas para autónomos, pemes e microempresas da provincia cuxo prazo de solicitudes remata o 15 de abril. Na cita cos medios, o presidente explicou que o PEL “permitirá seguir creando emprego e impulsar con axudas de entre 2.500 e 46.000 euros a reactivación da hostalaría, o pequeno comercio, as persoas autónomas e microempres-

» O PEL “permitirá seguir creando emprego e impulsar con axudas de entre 2.500 e 46.000 euros a reactivación da hostalaría, o pequeno comercio, as persoas autónomas e microempresas”

Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña

sas, que como di o lema da campaña forman parte das nosas vidas e son socialmente indispensábeis”.

En concreto, dixo, dos máis de 5 millóns de orzamento do PEL, 2,5 destinaranse a subvencionar a contratación de traballadores/as, 2,26 millóns a financiar novos investimentos en pequenas empresas de recente creación e 500.000 € a unha nova liña (PEL-Autónom@s) que subvencionará o 70% das cotas das persoas autónomas á Seguridade Social durante un ano.

González, Regueira e Rioboo engadiron que “debido á excepcionalidade do momento actual, este ano todas as axudas PEL serán compatíbeis

entre si”. Deste xeito, aclararon, unha microempresa ou persoa autónoma podería optar a un total de 46.300 euros entre as catro axudas, mentres que na anualidade pasada o máximo que podería ter recibido é unha subvención para investimento de 17.500 euros.

Outra novidade que se pon en xogo é a redución notábel da documentación a presentar polos solicitantes, que no momento de solicitude so deberán presentar o *Anexo de xestión empresarial sostible*, e ademais suprímense das exclusións ás sociedades civís, de maneira que estas poderán ser beneficiarias das axudas PEL na presente convocatoria.

As axudas PEL adáptanse á realidade da pandemia

A Deputación valorará positivamente “os sectores estratéxicos” e “de alto potencial en Galicia”, así como “as actividades económicas máis afectadas pola pandemia da COVID-19”.

Para a concesión das axudas estimaranse aspectos coma a responsabilidade social empresarial, a creación de novas liñas derivadas da nova situación da pandemia COVID-19 ou a innovación empresarial.

Nova liña para apoiar ás persoas autónomas

Un dos obxectivos actuais da Deputación da Coruña é axudar ás persoas

autónomas a facer fronte ás cotas sociais debido á súa baixada na facturación. De aí que puxera en marcha este ano a nova liña PEL-Autónom@s. Esta liña destina 500.000 euros para os profesionais cunha antigüidade máxima de 5 anos de exercicio continuado no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional. A axuda consistirá no pago de 200 euros por mes durante doce mensualidades como máximo, correspondentes aos meses do ano 2021.

Ademais nesta liña esíxense como requisitos para obter a condición de beneficiario/a que as persoas autónomas ou mutualistas conten co seu domicilio fiscal nalgún municipio da provincia da Coruña e que non estean a percibir ningunha axuda por parte de calquera organismo para sufragar as cotas sociais.

A través disto, a Deputación sufragará o 70% dos custes das cotas á Seguridade Social durante un período de 12 meses, unha vez esgotadas todas as axudas e bonificacións estatais e de demais organismos, de xeito que cada autónomo/a que cumpra estes requisitos podería optar a unha axuda máxima de 2.400€.

Axudas ao investimento

A liña PEL-Emprende Investimento, dotada con 2.260.000 euros, está destinada a autónomos e empresas que conten como máximo con cinco anos de antigüidade e domicilio fiscal en calquera dos concellos da provincia da Coruña. As axudas cubrirán ata o 70% dos investimentos realizados en de aplicacións informáticas, maquinaria, mobiliario e equipos para procesos de información, cun importe máximo a conceder de 17.500 euros, sen IVE.

Axudas á contratación

A liña PEL-PEMES contará este ano cun orzamento de 2 millóns de euros coa finalidade de subvencionar a novas contratacións de persoas durante un período de 12 meses ás pequenas empresas e autónomos/as con sede nos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia da Coruña. A Deputación financiará o 70% do soldo e a Seguridade Social da persoa traballadora contratada, cunha achega máxima de 15.400 euros anuais.

ENTREVISTA

Pastor Rodríguez ► director do Museo do Gravado de Artes

A todas luces, semella que o feito de que coincidise no tempo, no Museo do Gravado, a inauguración da mostra de homenaxe a Manuel Ayaso co inicio do remate (agardemos que definitivo) das fases máis crúas da pandemia é un duplo acontecemento significativo que transcende o circunstancial e nos pon no terreo das cousas que deixan pegada, na semente do histórico. Se a isto lle engadimos os novos apoios ao proxecto que veñen de chegar do Goberno galego, estaríamos, segundo nos conta nesta entrevista Pastor Rodríguez, director do Museo, ante a consolidación definitiva deste proxecto como o referente museístico e docente que sempre quixo ser.

“Queremos que Artes sexa un referente galego, estatal e internacional en materia museística e formativa”

Pastor, o Museo do Gravado de Artes parece estar vivindo un momento importante na súa historia. Á longa serie de actividades expositivas e formativas impulsadas polo Museo súmase agora o fito histórico da exposición de homenaxe ao aguiñense Manuel Ayaso (un dos máis destacados artistas do panorama galego, estatal e internacional), e máis o apoio referendado o pasado 5 de marzo pola Consellería de Cultura e Educación. Que supoñen para ti estes acontecementos?

- Como director do Museo do Gravado, todo isto supón non só unha satisfacción persoal, senón tamén que o proxecto do Museo se consolida, engadindo os labores de custodia, exposición e divulgación dos seus fondos, outros obxectivos fundamentais: a edición, a promoción dos grandes artistas do Barbanza e, sobre todo, os obradoiros de gravado, en colaboración coa Universidade de Salamanca, que esperamos facer permanentes, para que Artes sexa, ademais dun espazo museístico un centro de ensino e produción de gravados con novas técnicas.

- Cal será o futuro do Museo do Gravado de Artes a curto e medio prazo? Podemos seguir agardando un fortalecemento do seu papel de referente artístico e cultural a nivel comarcal e galego?

- A miña esperanza é que o Museo do Gravado de Artes se consolide, tanto a nivel expositivo, editor e de centro de formación da arte do gravado. Tamén agardo que siga a ser un referente a nivel comarcal, mais tamén a nivel galego, español e internacional,



para divulgar os seus fondos e contribuir á expansión da nosa cultura.

- Como afrontou o Museo a crise da pandemia, unha complexa situación da que aínda estamos pendentes de recuperarnos e da que agardamos poder despedirnos definitivamente canto antes? A nivel máis xenérico, cal é a fórmula dun museo para sobrevivir cando non hai público nin asistentes nin alumnos que formarse nas súas actividades de divulgación?

- A pandemia condicionou a activi-

diovisual, confeccionando unha serie de vídeo-documentais para as redes e os medios dixitais, labor que está a continuar. Os fondos do Museo que se mostraron foron: Durero, Goya, Van Dyck, Dalí, Rembrandt, Seoane, Gustave Doré, así como visitas virtuais ás mostras expostas nas propias salas do Museo.

- A exposición de homenaxe a Manuel Ayaso semella un dos grandes fitos históricos do Museo: por ser Ayaso un artista local, pola inmensa importancia do seu legado creativo, polo seu valor como persoa e por coincidir a homenaxe, significativamente, con estes tempos de resistencia e desescalada nos que parece que, pouco a pouco e cun xeito contido e racional, podemos volver respirar. Cal é a túa visión sobre este tributo ao artista de Aguiño? Que podemos atopar na exposición? Que destacarías dela?

- Manuel Ayaso é, sen dúbida, un dos grandes artistas galegos, cunha proxección, insólita entre nós, no mundo artístico de EE UU e Canadá. Un home con obra nos grandes museos do Mundo, entre o que se pode citar o MOMA de San Francisco, entre outros. A exposición de Manuel Ayaso amosa que non só estamos ante un gran pintor e debuxante, senón tamén un gran gravador. A exposición amosa a interpretación que Ayaso fai do mundo de Franz Kafka, de xeito magnífico, pois son dous creadores próximos ao mundo dos sonhos, da angustia, con tintes de humor grotesco, que amosan o absurdo e as dificultades da vida humana. Trátase de 110 gravados á punta seca, que, ademais, forman dun libro titulado Kafka, feito nunha edición limitada para bibliófilos. Creo que unha xusta homenaxe ao máis universal dos nosos artistas de hoxe. Lembro tamén, que o Museo do Gravado xa editou os seus debuxos nun libro, Debuxando a palabra, no ano 2016 e, ademais, en colaboración con Alfonso Costa, Entredós no ano 2008. Ayaso está moi unido ao Museo do Gravado xa que colabora co Padroado e é membro do xurado do Premio Internacional de Gravado Atlante.

►► O Museo tivo que reinventarse por medio do mundo audiovisual, confeccionando unha serie de vídeo-documentais para as redes e os medios dixitais

dade do Museo do Gravado, como a de toda a actividade cultural a nivel mundial. O Museo tivo tamén que reinventarse por medio do mundo au-

Artes fai honra ao seu nome

O Museo do Gravado impulsa o seu proxecto de formación e habilita unha histórica mostra de homenaxe a Manuel Ayaso



O conselleiro de Cultura e Educación, Román Rodríguez, anunciou o pasado 5 de marzo un reforzo do apoio da Xunta ao Museo do Gravado de Artes (Ribeira): un subministro extra de enerxía que suporá o impulso da escola taller do Museo para complementar a formación do alumnado de Belas Artes e os estudosos do gravado e reforzar a súa Biblioteca Ilustrada.

Así o manifestou o conselleiro durante a inauguración da exposición en homenaxe ao ilustrador local Manuel Ayaso (Aguiño, 1934), un dos máis destacados debuxantes galegos do século XX e deste primeiro cuarto do século XXI.

No acto, ao que tamén asistiu o secretario xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, o conselleiro puxo en valor a obra de Manuel Ayaso, “un referente fóra das nosas fronteiras sen renunciar en ningún momento ás súas orixes galegas”, dixo, poñendo o foco na súa proxección internacional, “expoñendo ao longo da súa extensa carreira en países como México,

Italia ou diferentes partes dos Estados Unidos”, pero “agora temos a sorte de poder gozar do seu arte na súa casa”, engadiu.

A exposición pode verse en dúas das salas do Museo do Gravado. Complétase coa edición dun libro en edición limitada de 26 exemplares numerados e asinados polo artista con textos de Felipe Senén, Eva Veiga e Xabier L. Marqués. Pode visitarse ata o 5 de maio en horario de 9,30 a 16,00 horas de martes a sábado. A mostra consta de 110 gravados orixinais á punta seca inspirados na obra do artista checo Franz Kafka. O devandito libro está recollido nun estoxo de madeira serigrafada e contén 110 serigrafías orixinais asinadas e numeradas por Manuel Ayaso e autenticadas ante o notario José Prieto Luengo de Boiro.

Durante a visita, que incluíu un percorrido pola súa Biblioteca Ilustrada, o conselleiro salientou o labor do Museo, ao que se comprometeu a seguir apoiando con melloras nas súas instalacións, na súa oferta cultural ou no impulso dos seus premios Atlante de Gravado: “Este ano daremos un

paso máis coa nova Escola Taller”, indicou, confirmando o apoio ao proxecto docente que permitirá ofrecer cursos de iniciación e profesionalización ao alumnado de Belas Artes e ás persoas interesadas. E engadiu: “Este é un espazo que é moito máis ca un museo, exerce tamén como dinamizador cultural da comarca e de todo o territorio, consolidándose

como un referente nacional”, expresou. Referiuse á súa colección de 40.000 pezas de máis de 400 artistas e a súa biblioteca que inclúe “verdadeiras xoias bibliográficas”, apuntou. Entre elas subliñou unha colección de *Don Quijote* ilustrada por Dalí, o *Romanceiro Gitano* de Lorca ilustrado por Alberti, así como varias coleccións de Laxeiro ou Seoane, entre outras.



EDITA:
GRUPO CÓDIGO CERO
COMUNICACIÓN S.L.
Rúa das Hedras nº 4, 1º G
15895 Ames (Milladoiro)
Tel.: 981 530 268 - 608 240 160

Imaxe páxina 1 Freepik.com

DIRECTOR:
Joferpa
director@obarbanza.gal

WEBMASTER:
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com

REDACCIÓN:
Fernando Sarasketa
Sonia Pena
Sandra Rivadulla

Pedro Pérez
redaccion@obarbanza.gal

MAQUETACIÓN E DESEÑO:
Óscar Louzán

FOTOGRAFÍA:
Beatriz Martínez del Campo y Ricoy
Joferpa
Antonio Parada
Abelardo Soler - Abso

PUBLICIDADE:
publicidade@obarbanza.gal

CORREO DO LECTOR:
lectores@obarbanza.gal

A NOSA WEB
www.obarbanza.gal



IMPRIME:
TAMEIGA, S.L.

Número 20 (abril 2021)
Publicación periódica.
Prezo: 1,50 €

Depósito Legal: C 668-2019
I.S.S.N.: 2659-8256



 **DESCUBRE A ORIXE DO CAMIÑO** 
DESTINO BARBANZA AROUSA

 **DESCUBRE EL ORIGEN DEL CAMINO** 
DESTINO BARBANZA AROUSA

 **DISCOVER THE ORIGIN OF THE WAY** 
BARBANZA AROUSA DESTINATION



A mocidade da Pobra, modelo cultural

Máis de 3.000 escolares mergulláronse no galego durante 21 días da man de Política Lingüística

A Consellería de Cultura e Educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, vén de facer balance do acadado coa iniciativa para mergullar no galego durante un período marcado de tempo (21 días) á nosa mocidade de secundaria. Finalmente máis de 3.000 escolares concluíron con éxito o desafío dos *21 días co galego e +* (terceira edición), que a Xunta decidiu exportar a toda a xeografía galega dende o exemplo concreto da Pobra do Caramiñal, onde tivo a súa orixe a experiencia (con notábeis e importantes froitos) da man da profesora Pilar Ponte. Dez centros educativos participaron na versión estendida da terceira convocatoria. O secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, clausurou este 15 de marzo (a través de vídeo-reunión) a terceira edición deste programa de dinamización con importantes vertentes na Rede.

Dende A Pobra

Entre as iniciativas recentes para dar impulso á nosa lingua no ámbito docente sen dúbida destaca a actividade *21 días co galego*, posta en marcha hai anos no IES da Pobra pola profesora Pilar Ponte, que foi quen de mobilizar a unha chea de rapazas e rapaces para que se lanzasen a falar a nosa lingua, sen interrupción, durante o número de xornadas que se estipula no nome do proxecto. Tal e foi a repercusión da proposta que a Consellería de Cultura e Educación, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, decidiu levala máis aló do local e estendela a todo o ámbito galego. Como se prevía, o chimpito autónomo de *21 días co galego* (chamado agora *21 días co galego e +*) saldouse cun notábel éxito nas súas dúas primeiras edicións. Para a terceira entrega, acadou a implicación directa de máis de 3.000 estudantes de dez centros de ensino, que comezaron co novo ano o reto das máis de cincocentas horas convertidos en galegofalantes.

Terceira edición

A terceira edición do programa de dinamización lingüística concluíu o reto ao que se sumaron hai tres semanas máis de 3.000 alumnas e alumnos de educación Primaria, ESO, Bacharelato e FP con idades com-



prendidas entre os 8 e os 18 anos, que se comprometeron a falar só en galego durante as 24 horas do día nas 21 xornadas de duración que marca a iniciativa, tanto dentro coma fóra da contorna escolar.

Acompañaron a Valentín Gracia na clausura oficial os coordinadores docente e técnico da iniciativa, Pilar Ponte e Roxelio García; así como o profesorado representante dos IES Perdouro de Burela, Miruca Parga; IES Taboada Chivite de Verín, Guimar Vázquez; e CPR A Inmaculada de Lugo, Manuel Barreiro, e alumnado participante.

Novidades este ano

Como novidades, nesta convocatoria xeneralizouse a participación de todas as materias no conxunto de centros, converténdose “nun proxecto transversal”, coa especial implicación no caso do IES Ramón Cabanillas de Cambados, no que os *21 Días co Galego e +* remataron por converterse en “eixe vertebrador” do proxecto de centro para o curso escolar.

A edición 2021 tivo unha especial colaboración e difusión cos medios de comunicación públicos. Isto fíxose, por unha banda, cunha participación no programa *Galicia por Diante* da Radio Galega cunha sección diaria fixa

Finalmente máis de 3.000 escolares concluíron con éxito o desafío dos 21 días co galego e + (terceira edición), que a Xunta decidiu exportar a toda a xeografía galega



durante os 21 días na que o alumnado de cada un dos centros, acompañado polo seu profesorado, tivo a oportunidade de expoñer á sociedade galega os proxectos nos que están a traballar. E, por outra, mediante a colaboración do equipo do espazo da TVG *#DígochoEu!*, que mantivo encontros virtuais con nove dos centros e un encontro presencial sorpresa con outro.

Máis de 500 horas de presenza na Internet

A nova convocatoria do programa fíxose eco do seu desenvolvemento no blog *21 Días co galego e +* (blogs.xunta.gal/21diascogalegoemais) desde onde foi seguida por todos os participantes, mentres que a canle de YouTube recibiu 244.615 impresións,

tivo 63.823 reproducións, 144 subscricións e acumula 2.421 horas de tempo de visualización dos 224 vídeos colgados que foron realizados polo alumnado.

Canto aos perfís nas redes sociais, o de Facebook, que conta con 936 seareiras e seareiros, recibiu no último mes 1.150 visitas cun alcance de 16.918 persoas, 9.215 interaccións coas publicacións e 15.169 reproducións de vídeo, mentres que o de Twitter, que suma 339 seguidores, elevouse ata as 72.900 impresións nos últimos 28 días e máis de 3.239 visitas ao perfil. Ademais, a conta de Instagram @21dcgemais interactúa con 573 *followers* e estreouse nesta edición unha conta de TikTok asociada ao programa.

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS

Superheroes do comercio local

A Asociación de Empresarios de Ribeira, satisfeita cos resultados obtidos na IX Feira de Inverno



A Asociación de Empresarios de Ribeira fixo balance dunha das súas grandes actividades da tempada: a novena edición da Feira de Inverno (a *Feira de oportunidades do pequeno comercio e últimas novidades en automoción*), que se celebrou a primeira fin de semana de marzo (entre os días 5 e 7) na praza do Concello, achegando relevantes descontos e promocións baixo as máis estritas medidas de seguridade sanitaria. O obxectivo: brindarles aos establecementos de Ribeira unha oportunidade para coller impulso neste contexto de desescalada ao tempo que se quixo recoñecer a fidelidade da cidadanía ás tendas da súa contorna con importantes oportunidades comerciais. Segundo fixo saber a patronal, desta volta foron oito os comercios participantes e dúas florarías as que participaron, ás que se sumaron seis marcas de automoción con presenza en Ribeira mostrando en detalle os seus novos modelos.

►► O obxectivo da novena edición da Feira de Inverno foi a de brindarles aos establecementos de Ribeira unha oportunidade para coller impulso neste contexto de desescalada



A asociación destaca que “este ano, por mor da pandemia de COVID-19, en lugar de concentrar o evento nunha única carpa, optouse por facer que cada establecemento participante ocupase unha carpa individual, con separación entre cada unha delas”.

Tamén se contou no recinto cunha entrada e cunha saída independentes, con varios lugares de dispensación de xel desinfectante e cun servizo de seguridade que controlou o aforamento e máis o uso obrigatorio de máscara e de uso xel á entrada da feira.

“En xeral”, explica a asociación no comunicado, “podemos dicir que aínda que a afluencia de xente non foi coma noutras edicións, os participantes quedaron contentos, xa que, aínda que non se pode comparar con anos anteriores, todos cumpriron as súas expectativas e esperan volver repetila para o ano”.

A asociación tamén comunicou que segue a traballar en novos proxectos para revitalizar o sector produtivo local, uns proxectos prolongando liñas de acción previas e outros completamente novos. Estas iniciativas serán presentadas pola entidade empresarial ao longo dos vindeiros días.

Os obxectivos

A Feira de Inverno respondeu a un dos principais obxectivos da patronal ribeirense dende o inicio da pandemia: coñecer de primeira man as novas necesidades que xurdiron a raíz da crise sanitaria e achegar “solucións e medidas reais para afrontar o problema”. Deste compromiso xurdiu a dita feira, que se perfilou tras distintas reunións cos integrantes da asociación, que achegaron as súas propostas e puntos de vista, e que tivo como novidade, amais das importantes medidas de seguridade postas en xogo, a incorporación aos establecementos de roupa e calzado a exhibición de vehículos, “xa que é outro dos sectores que está a sufrir gravemente os efectos desta pandemia”, segundo nos confirmou o presidente da asociación Francisco Martínez Gude. O motivo de terse celebrado en marzo e non noutra época do ano hai que rastrexalo novamente na crise sanitaria: “Debido aos malos resultados das vendas por mor da crise, da presenza cada vez maior das compras por Internet e da climatoloxía adversa destes meses, decidiuse facer unha feira en marzo para intentar achegar liquidez aos comerciantes mediante a venda dos seus stocks de inverno a prezos rebaxados”, explicou o presidente da asociación.

“Somos conscientes que outras asociacións suspenderon nestes momentos este tipo de eventos pero nós seguimos apostando por estas actividades e facémolo botando man de todas as medidas hixiénico-sanitarias porque consideramos que podemos dinamizar as nosas rúas e axudar ao comercio, á hostalería e á restauración, que é o noso obxectivo principal”, concluíron fontes da asociación ribeirense.

A ABE enche Boiro de pancartas para fomentar a unidade na recuperación



A Asociación Boirensa de Empresarios (ABE) presentou o pasado 11 de marzo unha nova campaña para facer unidade (sen barreiras, sen exclusións e sen desigualdades) a prol da recuperación económica e social

do termo municipal. Na iniciativa, cuxo nome fala ás claras dos seus obxectivos, *Xuntxs Facemos Boiro – Todxs Somos Boiro*, as protagonistas non son outras que as empresas da patronal boirensa e as persoas con nomes propios que as impulsan e se esforzan

►► **A ABE presentou unha campaña para facer unidade a prol da recuperación económica e social do termo municipal**

porque saian adiante, mesmo no medio dun contexto tan complexo como o que estamos a vivir.

Segundo informou a ABE na presentación, “durante tres meses os 12 rostros dos doce *socixs* que representan ao colectivo nesta iniciativa van estar moi presentes na vida diaria da veciñanza de Boiro, xa que coa primeira parte desta campaña serán 90 en total as pancartas que nas rúas nos recordarán cal é a contribución de cada empresaria e de cada empresario á nosa vida diaria”. Deste xeito, engadiu a patronal, “as pancartas contan de xeito moi persoal como entre todas e todos facemos Boiro”.

En paralelo á vertente física, ABE impulsou unha sección *online* na que ademais das publicacións en redes das fotografías dos protagonistas lanzárase un vídeo que será, en palabras da entidade, “o punto forte da parte máis dixital da campaña”.

O vídeo xira en torno á interconexión da vila e os seus habitantes co comercio e empresas que lle dan vida e que se lanzará a finais deste mes.


A campaña está financiada pola Deputación de A Coruña e colabora o Concello de Boiro.

A plataforma Mercarianxo.gal colle impulso con máis visitas e máis incorporacións

A plataforma de comercio electrónico Mercarianxo.gal, habilitada pola Asociación Rianxeira de Empresarios (ARE) en colaboración co Concello, continua o seu proceso de crecemento, tanto de servizos como de integrantes. Segundo compartiu a ARE, estas semanas experimentou un notábel incremento de novos comerciantes que decidiron adherirse ao espazo rianxeiro de *marketplace*. En concreto, a plataforma Mercarianxo.gal estaría representada xa (a mediados deste mes de marzo) por 32 negocios pertencentes aos ámbitos do comercio e a hostalería locais.

A mediados de marzo formalizáronse tres novas incorporacións, e estas están a producir un fluxo de movemento na páxina web, xa que “polas novidades dos seus contidos espertan de xeito importante o interese das e dos visitantes”, segundo confirmou a ARE.

Unha das *fichaxes* é un innovador servizo de aluguer de bicicletas que vén de botar a andar na vila rianxeira por parte de RodaRianxo. A empresa permite a todos aqueles que se



acheguen a localidade “descubrir a vila pedaleando” ao mesmo tempo que se promove o uso da bicicleta entre todos os rianxeiros e rianxeiras no seu día a día.

Por outro lado, coincidindo coa primavera, Plantas Saborido vén de inaugurar a súa tenda *online* e, tamén, ampliouse a variedade de categorías da plataforma coa incorporación da Farmacia Cerqueiras, xa que actualmente a plataforma aínda non ofrecía produtos de parafarmacia.

Na hostalaría as incorporacións máis recentes son almorzos a domicilio.

Dende a Asociación Rianxeira de Empresarios informan que “dispor dunha plataforma deste tipo supón un traballo e esforzo continuo” e implica “emprestar moita atención a como evoluciona no día a día para ofrecer o que os usuarios demandan e tamén mellorar e desenvolver as necesidades que xorden entre os distintos vendedores”.

Actualmente a ARE está a traballar para ofrecer un sistema de envorcado de produtos para os vendedores co fin de simplificar o proceso de publicación dos mesmos. Tamén está a



establecer contactos con diferentes negocios de produtos frescos e de alimentación para engadir esta nova categoría ao abeiro da páxina “permitindo así, dentro de moi pouco, poder facer unha compra completa a través de Mercarianxo.gal”.

A entidade empresarial rianxeira tamén lembra que a plataforma segue aberta, totalmente dispoñíbel, para que “calquera empresa que queira lanzarse á venda *online* poida facelo poñéndose en contacto coa ARE ou a través de Mercarianxo.gal para a súa incorporación”.

EMPRESA

Óscar Fernández ► membro do “equipo Quintena”

A nosa comarca é un bo lugar para pasarnos á bicicleta. Por paisaxe, por estradas, por tradición, por unha rede de carrís específicos que segue a medrar (aínda que non tanto como nos gustaría) e, tamén, polo inmejorable servizo dos establecementos centrados neste tipo de mobilidade. Un exemplo disto é Ciclos Quintena, en Ribeira: un punto de venda e de reparación que tamén é, grazas ao seu servizo de estudos biomecánicos, un centro de investigación a disposición dos clientes. Destes e doutros detalles falamos co “equipo Quintena”.

“A xente está a desfrutar da bicicleta como facía tempo que non se vía”

A oferta de servizos de ciclismo en calquera das súas manifestacións incrementouse moito en Ribeira e nos restantes concellos da nosa comarca, sen embargo todos os establecementos teñen un algo que os fai particulares. Que sería aquilo que define a Ciclos Quintena?

- Quintena Ribeira é unha tenda de bicis especializada para satisfacer as necesidades de todos os clientes, traballa con marcas de primeiro nome como pode ser Giant, primeiro fabricante de cadros de carbono a nivel mundial, ou Liv, marca pensada en exclusiva para o público feminino, tanto en bicis de competición de montaña, estrada ou uso recreativo, bicis deseñadas pensando na morfoloxía das mulleres e buscando sempre as súas necesidades.

Quintena Ribeira ofrece entre os seus servizos venda de material específico de ciclismo e triatlón, taller especializado en reparación de bicicletas, aluguer de bicicletas, e servizo de biomecánica.

- Que opinades dos esforzos que se están a facer en Ribeira e outros

concellos da zona para dotar o concello de infraestruturas axeitadas para circular comodamente en bicicleta?

- Todas as melloras que se fagan nun concello a prol da mobilidade urbana vai ser positivo para a cidadanía, mellor mobilidade, menos contaminación, poboación máis activa, etc. Pensamos que falta concienciación sobre o uso da bicicleta, e iso debería darse dende a escola, en Ribeira faltaría unha cultura ciclista por parte das institucións, O novo carril bici e algo positivo para a cidadanía pero non debería de quedarse aí.

- O sector das bicicletas e das alternativas de mobilidade limpa e saudábel que vós ofreceades viuse moi afectado pola crise económica e sanitaria?

- O sector é un sector que debido a crise viuse reforzado. A poboación, despois de meses encerrada, buscou unha forma de poder saír da casa, e retomar hábitos que facía tempo que tiña perdidos. Non hai máis que saír un domingo polo mañá ao monte e ver a centos de persoas desfrutar da natureza como facía tempo que non se vía.

As expectativas son contraditorias, a xente ten ganas de facer deporte, algunhas persoas queren renovar o seu material, outras de iniciarse, polo que todo apunta a un verán intenso. Pero a realidade é que no último ano, as tendas están a sufrir problemas de desabastecemento importantes, modelos difíciles de atopar, repostos que tardan demasiado, todo motivado pola crise do COVID e pola gran demanda que se está a recibir.

Todos estamos desexando chegar ao final desta situación para dar novamente o mellor servizo a cada un dos nosos clientes.

- Unha das cousas que, pola nosa experiencia, máis demandan os usuarios é poder contar cun servizo técnico e de reparación que lles axuden ao mantemento das súas bicicletas para poder usalas con regularidade, tanto para o lecer como para os seus desprazamentos diarios. En Quintena Ribeira poden atopar este servizo?

- En Quintena Ribeira contamos con dous técnicos cualificados para facer calquera tipo de reparación, contando con servizo de recollida a domicilio para poder satisfacer os clientes que

o precisen. Contamos tamén cun servizo pioneiro en todo Barbanza, que é o servizo de estudos biomecánicos integrado nunha tenda de bicis, enfocado ao mundo do ciclismo, tanto para xente que busca rendemento como para usuarios que procuran só alongar a practica de deporte sen molestias e sen lesións.

- Que é un estudo biomecánico?

- Á hora de mercar unha bici, xa sexa de montaña ou de estrada, o talle é fundamental. Pero de nada serve elixir a medida axeitada se o resto de compoñentes están mal colocados. O estudo biomecánico axúdanos a saber as medidas indicadas e cales se axustan máis ao xeito de ir en bicicleta de cada persoa. Dado que é un servizo en auxe e en Galicia hai pouca oferta, decidimos apostar fortemente por este servizo. Hai varios tipos de estudos, por exemplo os estudos precompra (que se piden antes de mercar nada para poder determinar todos os parámetros que precisamos) e os estudos postcompra (que se fan despois da compra para buscar a mellor posición sobre a bicicleta). Tamén está a opción de acudir simplemente a colocar ben as calas das zapatillas e así asegurarnos que vamos a pedalea correctamente, para evitar posibles lesións.

QUINTENA

Venta, reparación e aluguer de bicibletas.
Giant, Liv, Brompton, Mondraker,
Dahon, etc.

Paseo das Carolinas, 14
15960 Ribeira (A Coruña)
Tl. 881 124 915

ciclosquintena.es

I+D
CYCLING
Improve your Motion

CONGALSA aposta polo BIO

A compañía da Pobra irrompe con forza nos produtos ecolóxicos con dúas novas referencias da súa marca Ibercook Fun Food

A compañía CONGALSA, referente galego e estatal en alimentación e produtos do mar, comezou o mes de marzo cunha importante novidade: o lanzamento ao mercado dos que serían os seus primeiros produtos ecolóxicos. Trátase de dúas novas referencias da súa marca para *retail*, Ibercook Fun Food, que, segundo apuntan fontes da empresa da Pobra do Caramiñal, “buscan dar resposta á crecente demanda de alimentos BIO”.

Alimentos saudábeis

En liña coa estratexia da compañía de “proporcionar alimentos saudábeis”, CONGALSA lanzou os seus dous primeiros produtos elaborados

con ingredientes procedentes de agricultura ecolóxica. Trátase de dúas novas referencias para dúas das súas liñas de produto máis diferenciadoras; os rolos de primavera BIO e as empanadillas BIO para pasar polo forno.

Os rolos de primavera BIO completan unha gama que consta xa de tres receitas (de vexetais, polo ao curry e mexillón con wakame), mentres que as empanadillas BIO de champiñóns e berenxenas súmanse ás xa presentes no seu catálogo de empanadillas para forno, con recheos de carne, polo texmex ou pizza.

“Detrás destes dous novos lanzamentos está a aposta de CONGALSA por seguir innovando na categoría de alimentos preparados ultraconxelados, proporcionando unha maior variedade

de produtos nun momento de crecente preocupación polo benestar, a saúde e o medio ambiente”, explica Julio Simarro, director de Mercadotecnia e Ventas da empresa con sede no Polígono da Tomada da Pobra.

Veganos, vegetarianos ou flexitarianos, un 7,8% en España

Segundo confirma CONGALSA, a empresa leva anos poñendo o foco nas novas tendencias en alimentación, correntes, alternativas e demandas que marcan tamén a axenda de desenvolvementos da compañía, polo que “estas dúas novas receitas buscan satisfacer as necesidades da crecente demanda do consumidor *veggie*”.

De feito, trátase dun colectivo (a dos vexetarianos nas súas diferentes

modalidades) que representa o 7,8% dos consumidores en España, e a tendencia é a de medrar.

CONGALSA explica que “malia que as motivacións do comprador de produtos de orixe vexetal son variadas, está claro que existe un factor determinante, que non é outro que a preocupación pola alimentación e a calidade dos produtos que adquire”, e este factor é determinante na aposta da empresa porense por “desenvolver produtos 100% naturais e libres de aditivos”.

Certificación ecolóxica

Os dous novos produtos BIO de CONGALSA foron sometidos aos programas de rastrexabilidade (*trazabilidade*) e control que esixe a normativa europea e están avalados polo selo certificador de CRAEGA, Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia. Estes dous selos garanten a procedencia dos ingredientes utilizados e facilitan ao consumidor a tarefa de identificar o produto ecolóxico na canle convencional.



ENTREVISTA

Xosé Ricardo Losada ► ficciona os últimos días do poeta rianxeiro en *O rosario e a buguina*

Aínda está reverberando nos medios o éxito da moi notábel novela *A casa xunto ao volcán* (Galaxia) e xa o escritor e profesor rianxeiro Xosé Ricardo Losada ten novidades literarias que contarnos. Se en *A casa xunto ao volcán* Losada centrábase en narrar as andains filosóficas dunha moza adolescente que recala no Instituto de Secundaria de Rianxo, acompañando a súa chegada dunhas lecturas que deixarán fonda pegada e que marcarán a súa vida presente e futura, agora decidiu poñer o foco na figura do poeta Manoel Antonio (Rianxo 1900 - Asados 1930), construíndo unha biografía *ficcionada* que recrea os últimos meses do autor de *De catro a catro*. Non é *O rosario e a buguina*, nas súas palabras, unha biografía ao uso. Máis ben é o resultado dun diálogo íntimo de autor a autor: o que lle tería contado Manoel Antonio a Xosé Ricardo Losada sobre como lle terían gustado que fosen eses últimos meses.

Xosé Ricardo, na túa nova contribución literaria non marchas lonxe de Rianxo. Poderíase dicir que non che é preciso atopar a inspiración lonxe da túa terra, ao contrario do que aseguran moitas outras escritoras e escritores? É a de Rianxo unha terra inspiradora?

- Levo publicados seis libros como autor e dous como editor literario. Todos ambientados en Rianxo. Sufoño que por tres razóns. A primeira, o agradecido que estou de ter nacido nesta terra. A segunda, o pracer que me provoca vivir acotío coa posibilidade de pensar nos meus libros no lugar onde se desenvolven. A terceira, a convicción de que calquera persoa ou calquera lugar merecen múltiples libros.

- Que imos atopar en *O rosario e a buguina*, tanto dende o punto de vista temático como dende o formal?

- *O rosario e a buguina* é unha novela curta que narra os últimos días da vida de Manoel Antonio, enfermo de tuberculose, en Asados, e céntrase na relación con súa nai, unha relación que sempre fora difícil polas súas antagónicas concepcións do mundo. A acción desenvólvese a partir de dous eixos. Por un lado, o relixioso, pois a nai quere que reciba a extremaunción. Por outro, o literario, pois Manoel Antonio necesita que súa nai comprenda a súa vocación poética.

A nivel formal, está escrita en capítulos moi curtos nos que se alternan as voces de Manoel Antonio e de súa nai.

- A que remite o seu título?

- O título fai referencia ao conflito relixioso que a novela suscita. O rosario simboliza o mundo católico da nai, e a buguina esa dimensión metafísica e misteriosa, ese Mar sen fin, que diría o noso poeta, no que Manoel Antonio acabou derivando a súa inicial fe católica. Pero ollo. Non se titula *O rosario contra a buguina*. Titúlase *O rosario e a buguina*. Un matiz decisivo.

“Intentei novelar como creo eu que lle gustaría a Manoel Antonio que fosen os seus últimos días”



Xosé Ricardo Losada nunha foto de Eduardo Castro Bal

- Quedaban moitas cousas pendentes de coñecerse relativas á vida e á obra de Manoel Antonio?

- Debe quedar claro que non intento describir como foron eses últimos días da vida de Manoel Antonio. Intento novelar como creo eu que lle gustaría a Manoel Antonio que fosen eses últimos días. Todo o que tiña que contar e interpretar sobre a vida e a obra de Manoel Antonio está na biografía que publiquei sobre el, *Manuel Antonio. Vida e misterio dun poeta galego*.

- Que pasou nos últimos meses de vida do poeta que mereza ser contado?

- Creo que os últimos días de vida de calquera persoa merecen ser contados, sobre todo se esa persoa ten 29 anos, é consciente de que está a piques de

morrer, e cre que ten unha profunda débeda filial con súa nai. Paréceme que hai aí unha maior tensión humana que nesa morte do explorador Amundsen no Polo Norte que Manoel Antonio tanto admirou os últimos anos da súa vida. Cando menos, para o tipo de escritor que eu pretendo ser.

- O autor de *De catro a catro* é sen dúbida un dos grandes autores das nosas letras, para algúns, xunto con Rosalía, o máis grande poeta da historia da literatura galega. Estás de acordo?

- Eu son un simple lector de poesía. Só teño canons literarios persoais. Manoel Antonio é un dos meus poetas de cabeceira. Por que? Porque viviu cunha profunda ferida anímica que nunca intentou curar, pois sabía que non era

posible, e converteu a súa psicoloxía na fascinante busca dunha linguaxe, compacta e desarticulada, xenuína e paradoxal, abstracta e lírica, metaliteraria e autobiográfica, que evitase que esa ferida desangrase. Incluso cando non entendía nada do que dicían os seus poemas, sentía neles unha autenticidade que me engaiolaba como engaiola a complicidade dun amigo moi íntimo. Poucos poetas conseguiron en min iso.


- Por que cres que non envellece a obra de Manoel Antonio, porque se mantén intacta a súa actualidade? Cres que esa é a razón de que conecte tan ben coas novas xeracións, e de que siga gustando a milleiros de estudantes de secundaria que abren os ollos ás marabillas das nosas letras e das letras universais?

- Sempre é un misterio saber por que un poeta como Manoel Antonio, tan complexo, pode gustar a tantas persoas. É evidente que o que eu chamo o mito Manoel Antonio pode axudar moito. Pero creo tamén que, como Nietzsche, como Poe ou como Baudelaire, tres dos grandes referentes literarios do noso poeta, Manoel Antonio tivo toda a vida un espírito que conecta moi ben co mundo dos mozos. E os mozos, sabémolo ben, teñen un sexto sentido para percibir quen son da súa condición.

- Para cando estará nas librerías *O rosario e a buguina*?

- Non o sei con seguridade. O libro gañou o premio Torrente Ballester e debe seguir unha serie de requisitos burocráticos que dependen máis da Deputación da Coruña que da editorial ou do autor. Probablemente, en setembro.

Manuel Gago *infiltra* nos movementos naturistas que baixaron ás nosas praias nos oitenta



O escritor, divulgador, xornalista, blogueiro e profesor da USC Manuel Gago Mariño (Palmeira 1976), afrontou marzo cunha importante novidade literaria que engadir aos seus recentes éxitos nas librarías (as

novelas de aventuras *O exército de fume* e *O anxo negro*, entre outros).

Gago volve agora con *Nus* (Xerais), un libro no que acompañamos as andainas do aristócrata galego Toño Figueroa, integrante, a finais dos

setenta e comezos da década dos oitenta, do radical movemento nudista que encheu naquela época algúns dos máis senlleiros areais da nosa terra, como por exemplo o de Arealonga en Porto do Son. No caso de Figueroa e as súas amizades, recalcan á solitaria praia de Calabarda, un paraíso aberto ao océano onde se pode ser libre dun xeito novo: sen roupa. Manuel Gago ofrécenos en *Nus* “un retrato irónico e irreverente da contraditoria Galicia de comezos da década de 1980 a través das aventuras sexuais dun crápula tan cínico como tenro”. A novela está dispoñíbel nas librarías dende o pasado 11 de marzo.

En Outes convocada a XXV edición do Certame de Poesía Francisco Añón

O Concello de Outes convocou a edición 25 do seu histórico e prestixioso premio de poesía, o Certame de Poesía Francisco Añón, unha iniciativa que responde ao obxectivo fortalecido de “promover os valores creativo-literarios da nosa lingua”.

O premio, que leva o nome do escritor máis célebre da literatura local (Francisco Añón foi un dos grandes autores do Rexurdimento e, como tal, un dos principais artífices da posta en valor das nosas lingua e literatura logo dos longos anos de esquecemento dos séculos escuros), ten aberto neste intre o prazo para a presentación de traballos, que poderán enviarse até o 5 de abril.



É un certame aberto ao público en xeral.

Quen queira consultar polo miúdo as bases pode facelo na web do Concello de Outes (www.outes.gal).

XX edición do Certame Literario Antón Avilés de Taramancos

Área de Cultura de Noia convocou a edición número XX do histórico e prestixioso Certame Literario Relato de Aventuras Antón Avilés de Taramancos. O certame vén cun premio de 3.000 euros ademais dunha escultura conmemorativa do artista noiés Alfonso Costa e a publicación da obra gañadora por parte do Concello de Noia.

Poderán concorrer todas as persoas, maiores de idade, de calquera nacionalidade, cun único traba-



llo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras.

O prazo de admisión dos orixinais rematará o 15 de setembro de 2021.

O arqueólogo e antropólogo Francisco Calo falou do seu libro «Vida e traballo no mar dos galegos»

O acto de Barbanza en Porto do Son, acolleu a presentación da obra deste sonense, que como definiu o coordinador da entidade, Pastor Rodríguez, é un manual claro e didáctico no que «o rigor científico non está berrado coa divulgación». Ademais de contextualizar a actividade do mar, do percorrido histórico e de aportar datos sobre artes de pesca, o autor reflexiona no volume

sobre as razóns polas que o home de mar é diferente ao de terra. Partindo do feito de que «os que somos mariñeiros é porque non tiñamos terras», o profesor afirmou ter unha teoría propia.

Esta nova publicación está editada polo Museo do Pobo Galego, institución á que pertence o catedrático de Xeografía e Historia dende a súa fundación, e que será a beneficiaria dos dereitos da obra.

A oitava edición do Día das Galegas nas Letras distinguirá a Uxía Casal

A escritora e docente Uxía Casal (Santiago, 1957), ribeirense de adopción, vai ser recoñecida este ano na oitava edición do Día das Galegas nas Letras, un destacado recoñecemento co que se queren visualizar e reivindicar as importantes contribucións das nosas escritoras. Así o fixo saber dende as redes



sociais a plataforma de crítica literaria A Segá, que cualifica á autora de *Saturno tamén é deus* (Galaxia, 1997) como “raíña do misterio, da retranscrición e da palabra exacta”.

EDITA:
GRUPO CÓDIGO CERO
COMUNICACIÓN S.L.
Rúa das Hedras nº 4, 1º G
15895 Ames (Milladoiro)
Tel.: 981 530 268 - 608 240 160

Imaxe páxina 1 Freepik.com

DIRECTOR:
Joferpa
director@obarbanza.gal

WEBMASTER:
Marcus Fernández
webmaster@codigocero.com

REDACCIÓN:
Fernando Sarasketa
Sonia Pena
Sandra Rivadulla

Pedro Pérez
redaccion@obarbanza.gal

MAQUETACIÓN E DESEÑO:
Óscar Louzán

FOTOGRAFÍA:
Beatriz Martínez del Campo y Ricoy
Joferpa
Antonio Parada
Abelardo Soler - Abso

PUBLICIDADE:
publicidade@obarbanza.gal

CORREO DO LECTOR:
lectores@obarbanza.gal

A NOSA WEB
www.obarbanza.gal



IMPRIME:
TAMEIGA, S.L.

Número 19 (marzo 2021)
Publicación periódica.
Prezo: 1,50 €

Depósito Legal: C 668-2019
I.S.S.N.: 2659-8256



Deputación
DA CORUÑA

SOCIALMENTE INDISPENSABLES

**A Deputación apoia a pemes,
microempresas e persoas autónomas
con axudas desde 2.400 € a 46.300 €**

*O PEL máis social para estar xunto
aos pequenos negocios **indispensables**
nas nosas vidas, creando emprego
e apoiando a economía local.*

*Aberto o prazo ata o 15 de abril.
emprego.dacoruna.gal*

PEL

**Plan de
Emprego
Local**

